

A black and white portrait of a woman with dark, wavy hair, resting her chin on her hands and looking thoughtfully upwards. A red circular graphic is overlaid on the bottom right of the image.

**Roteiro polos espazos
vitais e literarios de
Xela Arias
en Vigo**

**con Manuel Bragado
Vigo, 25 de setembro de 2021
Código en fprofe G2103014**



Xacobeo 2021



**XUNTA
DE GALICIA**



CAFI

centro autonómico
de formación e innovación



Manuel Bragado

Licenciado en Ciencias da Educación pola USC. Foi presidente da asociación pedagóxica *Nova Escola Galega* (1986-1988), director da *Revista Galega de Educación*, membro das comisións de *Lingua e Literaturas e industrias da edición do Consello da Cultura Galega*, redactor do documento *Lingua e edición* da comisión de Cultura do proxecto *Galicia 2010*. Traballou en Edicións Xerais de Galicia como director de edicións de 1990 a 1993 e foi o seu director xeral durante 24 anos, entre 1994 e abril de 2018, cando presentou a súa baixa.

É presidente da Fundación Luzes, secretario da asociación Premios da Crítica de Galicia, membro do Consello de Cooperación Bibliotecaria de Galicia, do Instituto de Estudos Vigueses e é unha das cabezas visibles da plataforma ProLingua.

Colaborador de diferentes medios de comunicación, participou no consello de redacción de *A Pizarra* (suplemento de *Faro de Vigo*) e *Na escola* (suplemento de *La Región* e *Atlántico diario*) ou *Faro de Vigo* onde mantén dende hai dúas décadas os espazos de opinión «Campo de Granada» e «Campo do Fragoso», polos que recibiu os premios de xornalismo Gómez Román (2000) e Fernández del Riego (2014). Desde 2005 publica o blog Brétemas, polo que recibiu os premios AELG, Fervenzas Literarias e Gala do Libro Galego á traxectoria dun proxecto literario na rede (2019). Pola súa obra *Vigo puro milagre* recibiu o Premio Fervenzas Literarias ao Mellor Libro de Ensaio do 2019. Ademais é autor de *Dona Carme*, 1989, Ir Indo Edicións.

Poética

Achégate a min
 Perdón ¿que é unha autopoética?
 Cada escrita é auto
 Son eu
 Que cuestiono amo bico plantexo e
 replantexo
 Por verme
 Saír e perderme
 ¡Un obxectivo!
 Achégame a ti

IV Festival da Poesía do Condado (1984)

Índice

Punto 1	– IES Castelao	03
Punto 2	– Castelo do Castro	05
Punto 3	– CEIP Sárdoma-Moledo	07
Punto 4	– Kremlin - Coruxo	09
Punto 5	– Nova Galicia Edicións	12
Punto 6	– Zona Franza - Bouzas	13
Punto 7	– IES Álvaro Cunqueiro	14
Punto 8	– Castrelos	18
Punto 9	– Avenida Alcalde Portanet	20
Punto 10	– Café <i>De Catro a Catro</i>	21
Punto 11	– Edicións Xerais	24
Punto 12	– Atlántico Diario	28
Punto 13	– Rúa Zamora, nº 39	31
Punto 14	– Rúa Venezuela, nº 46	34
Punto 15	– Rúa García Barbón, nº 33 ...	39
Punto 16	– Fundación Nautilus	42
Punto 17	– MARCO	45
Punto 18	– Casa do libro	46
Punto 19	– <i>Discos LP</i>	49
Punto 20	– <i>A Nosa Terra</i>	50
Punto 21	– Colexio de Arquitectos	56
Punto 22	– Faro de Vigo	59
Punto 23	– Teatro Afundación	65
Punto 24	– Pub Alma	66
Punto 25	– Sala Nashville	68
Punto 26	– Casa Galega da Cultura	71
Punto 27	– Non á guerra	75

Punto 1 – IES Castelao¹ – Rúa de Aragón, nº 22

INSTITUTO NACIONAL DE BACHILLERATO MIXTO N.º 1
EL CALVARIO - VIGO

LIBRO DE CALIFICACION NÚMERO 2980

expedido en _____ el _____

PRÍAS
natural de Sanjo de Barreiros provincia de Lugo nació el día 4 de junio de 1962

Accedió a este Centro con fecha de 30.9.76 presentando documentación a 1.º de BUP por matriculación en posesión del TÍTULO DE GRADUADO ESCOLAR

1.º de Pos. Angeles

Observación

ASIGNATURAS	CLASE	GRUPO	NOTAS	COMENTARIOS	FECHAS	OBSERVACIONES
-------------	-------	-------	-------	-------------	--------	---------------



Era moi madura desde pequena. Cando rematou a EXB no colexio de Sárdoma, tivo clarísimo que iría estudar o bacharelato ao instituto do Calvario (IES Castelao), que acababa de abrir, porque era mixto. Por proximidade tocáballe o feminino (Santo Tomé) pero non quixo ir a un centro que separase por sexo, e a nós pareceunos ben. As inxustizas poñíana enferma. Foi sempre unha loitadora, esa coido que é a palabra que a define mellor. Loitou polas mulleres, polo galego, pola xente sen recursos, contra a guerra de Iraq... Onde puidese facer algo, alí estaba, sempre loitando contra vento e marea. E tamén foi loitadora como profesora. Sabía facerse cargo dos rapaces rebeldes, traballaba moitísimo con eles explicándolles a vida².

Entrevista a Amparo CASTAÑO, nai de Xela Arias

O antigo **Instituto Nacional de Bachillerato Mixto nº 1** - El Calvario (Vigo), grazas ao traballo dun equipo directivo dirixido por **Marilar Aleixandre**, mudou o seu nome a **IES Castelao**. Outros profesores eran **Camilo Gonsar, Xabier R. Baixeras**...

Tal e como se recolle no expediente 2.980 do IES, Xela Arias –daquela, oficialmente, María de los Ángeles Arias– matricúlase o 30 de setembro de 1976 para realizar o curso oficial de 1º de BUP. O título de bacharelato expedirase o 17 de setembro de 1980 pois cursaría 3º de BUP ao longo dos anos académicos 1978-79 e 1979-1980. Renunciou a examinarse en COU.

¹ <https://cadernodacritica.wordpress.com/2021/02/18/xela-arias-estudiante-en-vigo-ies-castelao/>

² <https://nova.academia.gal/-/xela-sempre-foi-unha-loitadora-?redirect=%2Fletras-galegas%2F2021%2Fxela-arias%2Fentrevistas>

Por último, o seu período como alumna matriculada no centro estenderase, oficialmente, ata o curso 1980-1981, cando realizou unha paréntese nos seus estudos oficiais para incorporarse ao cadro de persoal de Edicións Xerais de Galicia.

Tras un período, finalmente, de sete anos e con data de 19-9-1988, traslada o seu expediente ao INGABAD da cidade de Lugo. Nas materias escollidas como optativas en COU non constan as disciplinas máis humanísticas como eran Latín e Grego, senón Matemáticas xunto con Historia da Arte.

Formaban parte desa promoción no IES Castela xente como **Rosa Camiña** (empresaria e tradutora), **Juan Carlos Piñeiro** (xeógrafo, publicista e deseñador gráfico), **Julián Hernández** e **Javier Soto** (Siniestro Total), **Alberto Comesaña** (Semen-up), **Román Raña** (escritor), **Xela Arias** e **Paulino Vázquez** (poetas), **Paulino Campos** e **Pilar Piñeiro** (xornalistas), **María Xosé Porteiro** (adxunta da valedora do Pobo), **Juan Carlos Rodríguez** (presidente de AFAGA), **Lois Corvera** (pintor), **Xosé Manuel Pino** (enxeñeiro agrícola)...

Texto 1 -----

A unidade componse.
Da desorde.

Desordénome, amor,
e dou co punto
único
do centro dos abrazos.

Abrazo a desorde das ideas
e sei
que a unidade se compón.

A unidade componse
Da desorde.

Intempériome (2003)

Punto 2 – O Castelo do Castro



Texto 1 -----

O Vigo de Xela Arias

A palabra «Vigo» aparece só unha vez na obra poética de Xela Arias. No segundo verso do poema «Érgome» publicado no número 3 de *Katarsis* (1984):

*Érgome
e Vigo vai aínda durmido
neboeira salgada
a electricidade electrizado paxariño...*

Poema rotundo, abriu o universo de Xela Arias coa súa cidade amada, a cidade en arrabade que dende a súa chegada aos sete anos percorreu de forma incansable por elección autodeterminada.

No pregón que leu o 16 de maio de 2001, sendo alcalde Lois P. Castrillo, Arias lembrou que *«os vigueses sabemos, desde a orixe, de mesturas e combinacións, somos xente apaixonada»*, salientando así o carácter cosmopolita e aberto dunha cidade portuaria

que como a lingua galega posúe vontade de encontro.

Unha cidade que lle suxire dor, como lle confesou en 1989 á xornalista María Alonso de *Atlántico*, quizais porque, como escribiría en *Congostra* (1988), *«me interesa o tempo no que vivo, de Johanesburgo a Sarria pasando por un portal da miña rúa onde os adolescentes se reúnen nun mar de xiringas e lastros»*. Ese Vigo convulso, o volcán de dinamismos (Ferrín dixit) das folgas obreiras das décadas de 1970 e 1980, o Vigo da reconversión e da movida foi o que percorreu Xela Arias durante a súa infancia, adolescencia e mocidade, *«paseo arriba», «praza abaixo»* nun botarse a andar errático, como o deambular de Carlos Oroza, o poeta peripatético, o primeiro que recibiu a súa poesía en *Faro de Vigo*: *«a fusión do aire no verso e o mar en catarse»*.

O Vigo da alumna aplicada e escritora precoz que cursou a EXB no Colexio de Moledo. O Vigo da estudante rebelde que fixo o BUP no Instituto mixto do Calvario. O Vigo da moza independizada aos vinte anos cando comezou a traballar como editora de Xerais. O Vigo da escritora artenauta que publicou os seus

primeiros textos n' *A Nosa Terra* e naquel memorable Faro de Vigo da páxina de «*Mulleres*» e do suplemento *Pharo the Bego* de Pilar Comesaña, mais tamén en revistas alternativas como *Tintimán*, *Congostra*, *Katarsis* ou *Espiral*, cando as noites moi alongadas de Vigo «*convertidas en escadas de abrazos*» eran un perigoso fervedoiro cultural.

A cartografía do itinerario urbano polo Vigo de Xela Arias está por deseñar. Un mapa no que non poden falar os camiños dos Anxos e de Riobó. Nin os barrios do Calvario e de Travesas nin do Vigo vello e portuario, retratado en *Denuncia do equilibrio* (Xerais 1986). Nin puntos de encontro como o Café de catro a catro, o pub Alma de Poboadores ou a sala Nashville de Carral, entre moitos outros.

Manuel BRAGADO, *O Vigo de Xela Arias* en bretemas.gal/o-vigo-de-xela-arias

Texto 2 -----

Érgome
e Vigo vai aínda durmido
 neboeira salgada
a electricidade electrizado paxariño
 que te oio musicado e vals
no silencio húmedo
 as pedras a min pegado
navegan as horas do soño
 co sol
nas virxes do acapulco
 circunscriptas ás sedas

o vento
sudoroso peixe de xuncos nas ramas de Nós
a vencernos
 xeranios e margaridas
con bicos da terra en Nós
convertidos a saetas

dos labres no amor afogamos
 risoños
olas e sábanas no telón dos ¿faquires,
 pensas?
... eu vexo orquídeas e orquídeas e máis orquídeas³.



Katarsis. Médotodo para la excepción 3 (1984)

³ A última estrofa aparece na parte inferior dereita da páxina co texto disposto en sentido vertical.

Punto 3 – Escuela Nacional Graduada de Sárdoma en Moledo CEIP Sárdoma-Moledo – Rúa Marcosende, nº 30, Sardoma



María de los Ángeles Arias Castaño, nace no Sanatorio Pimentel de Lugo, aínda que foi inscrita na Granxa de Barreiros de Ortoá, en Sarria o 4 de marzo de 1962. Filla de Amparo Castaño López e Valentín Arias López, é a maior de cinco irmáns. Os Arias-Castaño son do Val de Sarria, en Lugo. Os Arias, da casa da Vilerma, na parroquia de Maside; os Castaño vivían entre a casa agraria de Mouzós (Meixente), a de Nabás (Ortoá) e a vivenda na vila de Sarria. En Sarria –na Escola da Granxa de Barreiros– naceron os tres primeiros fillos de Valentín Arias e Amparo Castario: Xela (1962), Xoán Carlos (1963) e Marcos (1965). Os outros dous –Sabela (1970) e Lois (1972)–, en Vigo.



Xela foi inscrita no Rexistro Civil de Sarria como «María de los Ángeles» (04-03-62), mudou ao equivalente galego «María dos Anxos» (22-04-84) e logo remudou nome oficial no xulgado de 1ª instancia de Sarria a «Xela» (o 14 de decembro do 94 foi autorizado o cambio e foi inscrita no rexistro civil o 20-01-95)⁴.

Os tres primeiros anos de vida decorren na contorna da Granxa de Barreiros⁵ onde Valentín ensinaba (desde 1955) e dirixía a escola. A actividade laboral do pai está vinculada ao proxecto pedagóxico creado por Antonio Fernández López do que xermolaría tamén o

Colexio Fingoi de Lugo, no que inicia Xela Arias estudos de primaria.

A familia considerouse sarriá desde sempre, por procedencia e por querenza, e Sarria era destino obrigado para as vacacións, a matanza, as festas, o Nadal e o encontro coas orixes. Xela sempre se proclamou sarriá, e a familia lembra que, aínda que era moi pequena nos tempos de Barreiros, o campo –como logo tamén o mar– era para ela unha atracción irresistible e en canto podía volvía a Sarria, especialmente á Vilerma. Era a volta á infancia.

En outubro de 1965 a familia trasládase a Lugo, xa que Valentin pasa a traballar na **Granxa Argeriz** e Xela, con 4 anos, ingresará no **Colexio Fingoi** –especial iniciativa de

⁴ O xuíz de 1ª instancia Roa Nonide, que ditou en xaneiro de 1995 o auto de modificación de nome de «María dos Anxos» a «Xela», non era galego. Probablemente Xela Arias é un dos poucos casos que unha mesma persoa apareza con tres nomes oficiais na acta de nacemento.

⁵ Naquela escola, aos 14 anos, proseguiu Valentín os estudos ata facerse mestre, ensinar alí desde 1955 e evidenciarse como sucesor de Avelino na dirección. Alí confirmou Valentín a súa vocación de ensinante e o vencello definitivo con Galicia, colaborando co Servicio de Extensión Agraria. Ao casar, a familia reside na casa-vivenda da Escola, onde Xela vive ata os tres anos.



Antonio Fernández—, onde será alumna de párvulos ata 1968, e de 1º de educación primaria no curso 1968-1969.

En 1969 a familia trasládase a Vigo (vai establecer o seu domicilio na rúa Zamora), cidade decisiva na biografía e na obra dunha «[nena de barrio e vida proletaria](#)», nas súas palabras. Xela completa o ensino primario na **Escola Nacional Graduada de Sárdoma en Moledo** (logo Colexio Público de Sárdoma-Moledo) onde o seu pai exerce como mestre. Alí completará ensino primario (primeiro EP, despois EXB, cursos 1969-76).

Conta seu pai que cursando 5º de EXB, en decembro de 1972, escribiu o conto «[A pobreza e a negrura na aldea](#)» que permanece inédito.

O 17 de maio de 1973, sendo alumna de 5º de EXB, gañará o primeiro premio na sección de contos de nenos/as (de 10 a 15 anos) do VI concurso de contos infantís O Facho da Coruña co titulado «[A fraga dos paxaros faladores e a fraga leopárdica](#)». Será publicado en xullo de 1973 no *Boletín da Asociación Cultural de Vigo*. O 3 de febreiro de 1974 publicarase en *La Voz de Galicia*. Este conto en galego é a primeira publicación impresa de Xela.

O escritor Paco Martín, director de *Axóuxere. Semanario do neno galego*, suplemento infantil de *La Región*, publicado os sábados durante o curso 1974-75, confesa que Xela foi a autora da primeira carta que recibiron e cre que tamén a primeira e máis fiel lectora.

Texto 1 -----

O meu pobo

No meu pobo hai escolas, prazas, mercados, prantas, animás.

O meu pobo é Vigo.

En Vigo prodúcese uvas, repolos, pescado, millo e moitas outras cousas.

A min góstame moito o meu pobo, ten mar e nil podémonos bañar
edificios altos pra vivir son casa de novo.

Tamén temos o porto pra embarcar as persoas.

Viva Vigo e seu Porto!

Viva.

Xela Arias Castaño

Graduada Sárdoma, 9 anos⁶

⁶ Nota manuscrita de Xela, depositada na Biblioteca da Casa Galega da Cultura, en Vigo.

Punto 4 – Kremlin – Revista Tintimán



A década dos anos oitenta da pasada centuria foron anos nos que a cidade olívica viviu unha eclosión de cultura xuvenil sen precedentes. Xa na segunda metade da década dos setenta, comezaron a xurdir numerosos locais nocturnos onde a mocidade se relacionaba e accedía a aspectos tan básicos como a música que estaba de moda no resto do mundo. Desta época datan locais como *Linterna Roja*, unha discoteca rockeira situada en Canido, o *Groucho*, pub emblemático da rúa Teófilo Llorente, *La Fuente*, bar de praia que xa ofrecía boa música a primeiras horas da tarde, ou o *Satchmo*, reduto jazzístico que posteriormente acolleu as primeiras actuacións de *Siniestro Total* e outras bandas locais. Desta primeira promoción, non se salvou ningún bar, aínda que no lugar do *Satchmo* agora atópase un local chamado *Vagalume*. Onde se levantou o *Groucho*, agora hai un supermercado, mentres que *La Fuente* é hoxe en día unha parada de Vitrasa, fronte á praia dos Olmos. A década dos anos oitenta supuxo a grande explosión da vida nocturna viguesa. Aos poucos, na cidade foron xurdindo bares interesantes, cuxo rebufo atraía a máis bares ata converterse en zonas de copeteo. O nunca visto nesta cidade. As mecas da «movida» chamáronse *Kremlin*, *Ruralex*, *El Manco*, *Propaganda*, o *Cerne*, *Sitio Distinto*, entre moitos outros. O destino foi cruel con algúns deles. O *Kremlin* foi o primeiro espazo que se abriu para acoller actuacións (o cinema *Salesianos* era a opción anterior), coa comodidade que supoñía albergar con anterioridade o

cinema de Coruxo. Case todos os grandes nomes do pop e rock español, e os primeiros músicos internacionais que apareceron por Vigo, puideron ser vistos e oídos no seu amplo interior. O seu poder de convocatoria foi a súa perdición, xa que os veciños da zona se fartaron da afluencia de fin de semana e presionaron ata lograr o seu peche. Agora, alberga un almacén de embarcacións. Outro local que sufriu un destino inmerecido foi o *Propaganda*. Situábase na praza de Compostela e ofrecía unha versión minimalista nun espazo non demasiado grande. Hoxe en día resulta difícil identificar o lugar exacto onde nos oitenta soaban o mellor techno do momento. E que dicir de *La Kama*. Aproveitou o espazo deixado por *Fausto*, en Tomás A. Alonso, para abrir o seu pequeno escenario ao rock en directo. Xa o dicía *Siniestro*, '*camino de la Kama es el mejor camiño...*' Hoxe, alberga un salsódromo para a terceira idade⁷.

⁷ Jorge Lamas, *Camino de La Kama*, *La Voz de Galicia*, 30 novembro de 2002.



Con respecto á revista **Tintimán**, para poñela en marcha, Javier Moreda contou como redactor xefe con Damián Villalaín, licenciado en Historia quen, nos anos sucesivos, traballaría en diferentes eidos da cultura: editorial Galaxia, Centro Dramático Galego, asesor do presidente Touriño, etc. Debido a un desencontro con Moreda, Villalaín deixaría a revista cando se preparaba o número dous, pouco despois de que eu (Emilio Alonso), tras colaborar nos anteriores, me incorporara a ela como coordinador. O posto de redactor xefe ocupouno Ana Montenegro Gaite.



O primeiro número de **Tintimán** presentouse na discoteca **Kremlin** en decembro de 1984, nunha festa na que correu a champaña e se degustou unha torta de aspecto nupcial. O evento estivo animado por unha representación do grupo de teatro madrileño GAD. Desde o número 0 a revista destacou, pola súa luxosa aparencia, tan asombrosa naqueles tempos que, con só dous números na rúa, recibu o galardón á mellor revista outorgado por Radio Nacional de España.



Tintimán contaba cunha variada nómina de colaboradores máis ou menos fixos e outros puntuais que a convertían nun escaparate de opinión ou de inquiredanzas que abranguía varias xeracións. Sirvan como exemplo estes nomes: Xosé L. Méndez Ferrín, Gonzalo Torrente Ballester, M^a Xosé Queizán, Xelís de Toro, Víctor F. Freixanes, Alberto González-Alegre, Antón Castro, Miguel Anxo Murado, Xurxo Lobato, Xoán Piñón, Xela Arias, Víctor Vaqueiro, Suso de Toro, Xerome Calero, M^a Xosé Porteiro, Ramiro Fonte, Antón Reixa, Matusa Barros, Rafael Bárez, Carlos Alonso del Real... A revista estaba aberta a todo tipo de temas relacionados coa creatividade, moda, pintura, teatro, vídeo, fotografía, crítica de discos, libros, concertos, exposicións, cociña, cómic... A revista editou cinco números, un dobre, ata a súa desaparición, en 1986. Hai que supoñer que foron problemas económicos os que levaron ao peche de **Tintimán**. Malia ir aumentando o

seu prezo (200 pesetas os dous primeiros números, 300 o segundo, 800 o cuarto –era dobre– e 450 o último) a complicada distribución e as baixas vendas fixérona inviable⁸.

Texto 1 -----

Abandono xa a marcha da miña sombra

¿acaso cada esquezo non consciencia os sucesos acaecidos
na fuga acariñados
acaso –vou imaxinar– non podemos vir pasea-los precipicios
aventura-los segmentos?

⁸ Emilio Alonso, *Vigo a 80 revoluciones por segundo*, Edicións Xerais, Vigo, 2001, pp. 227-230.

pois *aprecio sen vértigo a extensión da miña inocencia*⁹
 fundamos nos líquidos ardorosos as fallas dos vocablos
 cabalos escupidos
 para renunciar do estúpido xogo da valía unha imaxe orfa
 e irreversible
 xa dunha vez vou raxar aparellos
 E adora-lo sentido –como se pide–

fascinoume a palabra ritmada
 acollendo tódolos berros
 –só é palabra–

non vou esquecer dicirche cariño
 que prénda-lo lume das cociñas
 –avantamos–
 «o erro da gaivota foi pasa-lo fío
 dos cartuchos entre as alas»
 dixo un home
 e ó fume da herba se fumo fomos presentados
 seres delictivos

acocharíame en ti
 E adora-lo sentido –como se pide–.¹⁰



Denuncia do equilibrio (1986)

Texto 2 -----

Subín no auto das cereixas
 –hai tempo que foi eso–
 clarifico agora a miña man expón
 signos evidentes carretera mollada
 pola que andara
 somnambuleando penso regadeiras
 abertas
 e panos mollados

 os teus ollos quedos

 os teus ollos quedos negocian fórmulas

de brazos espidos dedos vexetales
 ánimas cinza cinza o meu corpo
 se me peito e marco ringleiras de
 formigas
 no piñeiro firme deste instante

 no meu van a túa man
 no meu van a túa man apremia figos
 fervenza en cascabel outro desexo
 e somos xa

Deslabazados¹¹

Denuncia do equilibrio (1986)

⁹ A cursiva identifica o diálogo con palabras de Arthur Rimbaud («apprécion sans vertige léntendu de mon innocence»), da composición «Mauvais sang», de *Une saison en enfer* (1873).

¹⁰ O poema foi publicado en *Tintimán 1* (1984). Apareceu en *Denuncia do equilibrio* (1986).

¹¹ Publicado en *Tintimán 1* (1984), co título «O vértigo enano», e cunha variante no derradeiro verso: «Desaparecidos». Apareceu en *Denuncia do equilibrio* (1986)

Punto 5 – Nova Galicia Edicións – Avenida Ricardo Mella, nº 143

Nova Galicia Edicións é unha editorial fundada en Vigo no ano 1984, naceu co obxectivo de recuperar documentos históricos para a súa edición facsimilar como poden ser *A Nosa Terra* (histórica), *Galeuzca*, *A Fouce*... Editan catálogos de exposicións e monografías de grandes artistas, o que os levou a gañar no ano 2004 o Premio ao Libro Mellor Editado na categoría de Arte, pola obra *Quessada. Arte e liberdade*.

Texto 1 -----

e por veces non-amo-nada
 Deste xeito é que penso nos ocos que son cometas
 bótome a andar impaciente cara ó mar...
 e fálame de regresións irreversibles
 sinálame as alas douradas do pavo real desecado na galería
 ...imaxes e tempos consagrados...
 que se me revelan incongruentes
 nun stress permanente que deriva na parálise

e fúgome na fuga
 Tal vez o consideres demasiado urxente
 é certo: tamén a min se me figuran os sombreiros
 pendurados nas perchas
 cabezas sen homes

Denuncia do equilibrio (1986)



[illegible]

Texto 1

Camelias para elas. Folleto publicado polo Concello de Vigo (1999)

Punto 7 – IES Álvaro Cunqueiro – Rúa da Cañiza, nº 2

Durante o curso 2002-2003 Xela Arias será profesora de Lingua e literatura castelá no IES Álvaro Cunqueiro de Coia (Vigo). Na revista do instituto, *O trasno*, publicará os poemas «Never more» (2003) e «Cadáver de Man» (2004, póstumo).

Texto 1 -----



Xela Arias docente

Na primeira entrevista que fixo Xela Arias en *Faro de Vigo*, cando sendo alumna de 5º de EXB acababa de gañar o VIº premio do concurso de contos infantís O Facho, confesoulle á xornalista Julia Hortigüela que ademais de escribir contos en galego dende moi cativa «sempre [tivera] a ilusión de ser mestra de párvulos», engadindo a seguinte aclaración: «gústanme moito os nenos pequenos, ensinalles a xogar e esas cousas; non letras nin números, que iso xa o aprenderán cando pasen a primeiro». Unha atinada reflexión pedagóxica, sorprendente para unha rapaza de once anos, á que non debeu ser allea que naceuse na casa

escola da Granxa Barreiros de Ortoá, onde seu pai fora alumno e despois mestre, nin que comezase a súa escolarización no Colexio Fingoi de Lugo, onde fixo dous cursos de Parvulario (1966-1968) e o primeiro da antiga Primaria (1968-69).

Foron a Escola Agrícola da Granxa Barreiros de Sarria (1948) e o Colexio Fingoi de Lugo (1950) dúas institucións educativas privadas adiantadas ao seu tempo promovidas polo empresario Antonio Fernández López que puxo en mans de profesores comprometidos coa causa galeguista e republicana, a primeira nas de Avelino Pousa Antelo e a segunda de Ricardo Carvalho Calero. A granxa-escola de Barreiros, deseñada polo arquitecto Manuel Gómez Román e concibida metodoloxicamente por don Avelino coa intención de formar mestres de orientación agraria e acuñar un novo modelo de escola rural galega, sería unha das poucas experiencias pedagóxicas singulares acontecidas en Galicia durante o franquismo. O Colexio Fingoi como un centro reformista que ao fío da escasa marxe da Lei de Ensinanza Primaria de 1945 pretendía poñer en marcha un ensino globalizado, experimental e experiencial.

Nesa estimulante atmosfera educativa lucense desenvolvéronse os primeiros cursos escolares de Xela Arias, período no que sabemos (cóntao seu pai Valentín no texto «Xeliña fala galego», publicado no libro das festas do San Xoán de Sarria de 1968) aprendeu precocemente a ler, aos catro anos, e a escribir textos en castelán e galego aos seis. Escolarización que continuou en Vigo na Escola Graduada de Moledo, onde fora destinado o seu pai, centro no que cursaría até o



8º na segunda das xeracións da EXB, período no que se incorporarán ás aulas algunhas ideas de innovación representadas por novos materiais didácticos, como aqueles famosos consultores e as súas correspondentes fichas de aprendizaxe individualizada.

Xela Arias quixo cursar o novo bacharelato no Instituto Mixto do Calvario (hoxe IES Castela de Vigo), onde fixo os tres cursos de BUP (1976-1979) e renunciou a examinarse de COU (1979-80). Sistema educativo que abandonou durante unha

década, período no que traballou como editora en Edicións Xerais de Galicia. En 1990-1991 matriculouse en COU a distancia no INGABAD, o que lle permitiría en setembro de 1991, cando tiña case 30 anos, iniciar os estudos de Filoloxía Hispánica na Universidade de Vigo, onde se licenciaría en 1996. Unha formación universitaria que completaría en marzo de 1997 cando obtén o Certificado de Aptitude Pedagóxica (CAP) que a habilita para dar clases de ensino secundario e en xuño do mesmo ano o de Aptitude no Ciclo Superior de Idioma Galego na EOI de Vigo, todo un paradoxo para quen de forma autodidacta como tradutora, editora de mesa, preparadora de estilo e correctora ortotipográfica adquirira un coñecemento moi especializado da lingua galega. Sabemos que se matriculou en Galego-portugués na USC, estudos que non completaría. Como coñecemos pola súa compañeira de facultade Ana Iglesias que tampouco quixo presentarse as oposicións de Lingua e literatura galegas, quizais por que sabía que a súa obra figuraba no propio temario.

O desexo da rapaza que quería ser mestra de párvulos concretouse como docente a comezos do curso 1999-2000 cando foi chamada a incorporarse como profesora substituta de Lingua e literatura castelá no IES Terra de Xallas de Santa Comba. Iniciaba así Xela Arias un periplo que completaría ese curso no IES A Paralaia de Moaña, no IES Valle Inclán de Pontevedra, no IES Xelmírez II de Santiago e no IES Valadares de Vigo. Desempeño que no curso seguinte, 2000-2001, realizaría como profesora interina no IES de Chapela, no 2001-2002 no IES A Sangriña da Guarda, no 2002-2003 no IES Álvaro Cunqueiro de Vigo e comezando o 2003-2004 no IES Montecarrasco de Cangas até que faleceu o 1 de novembro.

Sabemos da súa implicación e rigor no traballo docente en todos estes centros, nun período vital que non foi doado para ela, xa que recibía un duro tratamento como portadora do virus da hepatitis C. Como coñecemos a súa implicación como activista nas mobilizacións educativas contra a marea negra do *Prestige*, como

testemuñan os poemas «Never more» (2003) e «Cadáver de Man» (2004) publicados na revista escolar *O trasno* do IES Álvaro Cunqueiro.

Manuel BRAGADO, *Xela Arias docente* en bretemas.gal/xela-arias-docente¹²

Texto 2 -----

Never more

I

Os nenos escriben «nunca máis».
Que non abonda.

Considera,
considera a labazada.
O tamaño do inflixido
entanto oes o son mediático das novas nas casas,
a química diplomática na fiestra da praia.

Considera,
considera a medida do desprezo
cando apalpas moles as rochas que che sentiran os pés.
As mans de Lola de Aguiño nos restos acugulados.

Xa non never more. Que non abonda.

II


Sábete Ons e pénsate mentres agardas ser salvada.
«Mar de fondo, capitán». A velocidade do vento non é nada
se deciden as pantasma.

Xa non never more, never more.
É que non abonda.

(Sen novidade na fronte)

Que visible
coma invade aínda máis, sen pudor, esta peste.
Nós sós. Sempre en Galiza. Nós sós.
Traíamola no lombo, inmemorial,
unha lapa no lombo a miseria do hábito domeado.

Never more, never more. Pero non abonda.
Agora queda definitiva en nós. Unha pegada na alma.



¹² Manuel Bragado, Xela Arias docente, *Revista Galega de Educación* nº 80, 2021, páxs. 82-83.

III

¿Que agardas, fogar do soño e os rumorosos?
 ¿Que cuspe máis limpa queres ver
 mentres as maquinarias do acougo che anotan as lindezas
 dos conformes?

Xa nin never more, never more abonda.

Atónita.
 Faite indómita.
 De cara ó noxo
 pon prezo en castigo á patética esperanza.
 Velai te-la estúpida batalla.

Never more, Edgar Allan Poe

Nós sós, Manuel Antonio

Sempre en Galiza, Daniel Castelao



Publicación do IES Álvaro Cunqueiro (2003)¹³




¹³ O poema aparecera en *Elas. 2*. Antoloxía poética publicada en Vigo por CC.OO. (2003)

Punto 8 – Castrelos – Desertores¹⁴



Arquivo de Valerio Araújo.



Formados en Vigo en 1987, **Desertores** foi un dos grupos galegos que conseguiron chegar a plastificar disco xa entrada a década dos 90.

O cuarteto estaba formado por músicos que viñan doutros grupos durante toda a década. Eran Valerio Araújo (voz), Humberto Heredia (guitarra), Juan Díaz (baixo) e Ángel González (batería). Despois incorporouse Miguel González aos parches para completar a súa formación máis estable, aínda que tamén estivo Cholo Soto (*Rockis Molokis*, *L' Uomo*, *Lazos*, *X-Film*, *Seme Up*) ocupando ese lugar.

Humberto estivo en *Mauser*, *Costa Oeste*, *Os Resentidos* e *Bomberos Voluntarios*; Ángel coincidiu con Humberto en *Mauser*, *Costa Oeste*, ademais de pasar polas filas de *Siniestro Total*; Valerio estivo en *Clepsidra* e *Valores en Alza*; e, por último, Juan militou en *Averno*, e despois viuse as caras en *Costa Oeste* con Humberto e Anxo.

Pronto rexistran unha maqueta de tres temas con 'No te volveré a buscar', 'El pulpo' e 'No soy un degenerado'.

En 1989 asinan con Zafiro un contrato discográfico para gravar o seu primeiro disco. Problemas entre compañía e grupo polo nome (estiveron a piques de facerse

chamar *Los 4 Desertores*), entre outras cuestións, fan que se atrasase a aparición do Lp ata 1991 que finalmente, asinado como *Desertores*, ve a luz como *El desertor*, a través da Compañía Fonográfica Española (CFE), dos que venderon 25.000 copias en toda España.

Dez composicións no que había nove cancións asinadas por Xela Arias excepto 'Sal de mi nube', versión do 'Get off my cloud' dos *Rolling Stones*¹⁵, coa supervisión de 'Tibu' (Carlos Vázquez, Banzai) e a produción de Sergio Castro que foron rexistrados en Vigo (Estudios Planta Sónica). Como singles extraense 'El pulpo', 'Sal de mi nube' e 'Que me dejes en paz', todos eles gravados polas dúas caras.

¹⁴ Emilio Alonso, Vigo *a 80 Revoluciones por Minuto*, Xerais, 2012 e Fernando Fernández Rego, *Unha historia da música en Galicia 1952-2018*, Galaxia, 2019.

¹⁵ <https://lafonoteca.net/disco/el-desertor/>



En 1993 aparece un segundo disco, *El vicio de la carne* que, baixo a produción de José Taboas, publica CK Producciones. Nesta segunda entrega, o grupo endurece o seu son achegándose a postulados propios de bandas americanas como, por exemplo, os ZZ- Top.

Seguiron realizando diferentes concertos (memorables os catro que deron en Castrelos, destacando *Rock de Inverno* 1987 e *Días Xeniais* 1988), ata que en 1996 deciden separarse. Cholo Soto pasou despois por formacións como *Alfonso Grupo*, *Fan Blues* e *Polvora Tex*. Araujo, en *La Supersonic*.



En xaneiro de 2017 prodúcese a volta aos escenarios de *Desertores*, nun concerto homenaxe a Discos LP que protagonizaron no Hush Rock, un bolo que non resultou ser único, debido a que seguiron tocando en directo durante ese ano.

Texto 1 -----

Xela Arias (...) tamén foi unha gran letrista en castelán; faceta que homenaxeará hoxe en Mondariz o grupo de

rock vigués Desertores. «*Xela era a quinta desertora*», di con orgullo Valerio Araújo, un dos membros da banda, que describe á súa amiga como «*moi moderna para a época, natural, reservada e amante do rock and roll*».

O vínculo entre Xela e Desertores naceu a finais dos 80 grazas a que a poeta mantiña unha relación con Juan, o baixista. Foron eles, *Desertores*, os que lle propuxeron que compuxese unha canción e, tras a primeira, chegaron as demais. «*Tiñan unha musicalidade tremenda; encaixaban á perfección co noso estilo musical*», asegura Valerio, que destaca a «*crueza e paixón*» dos temas, que «*falaban máis de desamor que de amor*».

A poeta e os rockeiros mantiveron a súa colaboración durante unha década, na cal Xela escribiu múltiples letras en castelán, aínda que só unha ducia se musicalizaron. É o caso de «*Nena y alcohol*», a primeira canción que compuxo para *Desertores*, pero que quedou fóra do disco. Trátase dun tema inédito «*que nunca tocamos en directo*», adianta Valerio Araújo, confirmando que se cantará por primeira vez, hoxe en Mondariz. *Desertores* interpretará os doce temas escritos por Xela Arias para dar a coñecer a súa faceta como letrista durante os anos da movida viguesa...¹⁶

¹⁶ <https://www.farodevigo.es/comarcas/2021/05/15/desertores-recopila-temas-rock-xela-51845149.html>

Punto 9 – Daría a diario – Avenida Alcalde Portanet, nº 8



O 9 de xullo de 1992 Xela Arias casa co fotógrafo e matemático ourensán Xulio Gil Rodríguez, con quen, o 10 de outubro de 1994, tivo o seu único fillo, Darío. Separáronse no ano 2002. Nesta rúa viviu de casada con Xulio Gil.

O 22 de decembro de 1996 chegou ás librarías o terceiro libro de poemas de Xela Arias, *Darío a diario*, publicado por Xerais en edición singular preparada por Xosé M. García Crego. Utilizouse encadernación acartonada e papel verxurado crema.

Texto 1 -----

Imos, meu ben, camiñar sereno
pola cidade sen ramplas nas aceras. Imos
comeza-lo xeito da túa vida, e mírame,
mesmo as bolsas dos meus ollos serán monecos
dos teus días xunto a min.

Texto 2 -----

Cun par de metros, a distancia
observo as evolucións dos teus ollos, mans e pensamentos
Sei que sabes aprender
que no gaño dos teus erros serás sabio.

A distancia, observo que observas,
que probas, vacilas e recolle-las certezas.

Por moitas voltas da historia,
así as ponlas dos bídalos arraícen mañá nas autoestradas,
este es ti, me fillo, e por sempre xa es
o preferido dos deuses que eu admiro

Texto 3 -----

Busco o modo de te acompañar sen estorbo,
que sexas ó meu carón feliz e creador
de ti,
de ti e mailo mundo que apañes.

Darío a diario (1996)



Punto 10 – Café De Catro a Catro, Rúa Gerona, nº 16



Todos os poetas de Vigo xuntámonos o día 1 de febreiro do 2003 no café **De Catro a Catro** nun recital nocturno que facía parte do programa *Concertos Expansivos*, centos de actos simultáneos celebrados nesa data en toda Galiza. A Xela Arias, pletórica de entusiasmo, e a min encargáranos os da **Burla Negra** a organización desa reunión poética, que foi reencontro non nostáxico dos escritores vigueses na estancia familiar das nosas antigas tertulias. Por alí

andaban, vinte anos despois, moitos dos mozos e mozas das noites dos venres e sábados. E traían con eles a mesma enerxía de antes. Polas rúas ocupadas de desexo e nas asembleas de **Nunca Máis** buligaba tamén a mocidade dos 80, ou sexa do 68, e os de antes, poñamos por caso os de **Brais Pinto** e os seus contemporáneos. Ás veces vivín con asombro feliz a miraxe do regreso á Compostela en dura revolta de finais dos sesenta. Eramos os mesmos, aínda que multiplicados e en compañía xa dos nosos fillos, algúns destes en idade idéntica á da nosa xuventude santiaguesa¹⁷.

Ramiro Fonte, poeta de código reflexivo e nostáxico, excelente retratista do ámbito interior da cidade e os seus habitantes, namorado da tradición romántica, era dos que non faltaban á cita nocturna dos venres no café **De catro a catro. O Catro**, como lle chamamos sempre, inaugurado en 1981 e situado no barrio das Travesas, era o centro crucial para a xuntanza dun colectivo constituído preferentemente por ensinantes, entre os que figurabamos algúns dos poetas vigueses dos 80, todos profesores de ensino medio e habituais do horario escolar nocturno. Ademais de Ramiro, arredor dunha mesa durante a primeira hora e logo en tráfego intergrupal e frecuentes desprazamentos á liña de barra, encontrabámonos no café, que tiña tamén fasquía e ánimo de pub, **Xavier Baixeras, Manolo Vilanova, Manuel Forcadela** e mais eu. Outros compañeiros xeracionais veciños de Vigo como **Vítor Vaqueiro, Xela Arias, Román Raña, Paulino Vázquez** e **Anxo Quintela** frecuentaban pouco, ou nada, a informal tertulia, na que tamén participaba o narrador e especialista en literatura medieval **Xosé Ramón Pena**. Algunha vez teño coincidido no **Catro** con **Manuel Outeiriño**, cerebro privilexiado, un home verdadeiramente sabio. Con máis frecuencia comparecía David Pérez Iglesias, un dos fundadores da revista *Dorna*, con quen coincidín moitos anos despois nun feliz encontro celebrado en Cork (Irlanda) arredor da figura de Antón Avilés de Taramancos. Cara ao final da década xuntóusenos **Anxo Angueira**, a quen eu lle vin cara de arxentino o día en que o coñecín. «Tes cara de anxentino», díxenlle. Sen conciencia clara das características faciais dos naturais do país

¹⁷ Xosé María ÁLVAREZ CÁCCAMO, *Memoria de poeta*, Galaxia, 2006, p. 434

americano, acertei: nalgún lugar onde Angueira impartira clases chamábanlle '*El Argentino*'¹⁸.

Texto 1 -----

Burla Negra

Marea miseria invade global Galicia.
Colleita inepta de intereses financeiros.

Burla negra.

Oes o son mediático das novas nas casas,
a química diplomática na fiestra da praia.

Nunca máis.

«Mar de fondo, capitán».
A velocidade do vento é nada
se deciden as pantasma.

Never more, never more, never more.

No lombo
a miseria do hábito domedo.
As maquinarias do acougo anoian
as lindezas dos conformes.

Burla negra. Nunca máis.


Intempéiate, fogar dos rumorosos.
Pon prezo en castigo
á patética esperanza.
Dignidade.
Velaí tes a histórica batalla.



Faro de Vigo, 29 de agosto de 2003 - *Alma de beiramar* (2003)¹⁹.

¹⁸ Xosé María ÁLVAREZ CÁCCAMO, *Memoria de poeta*, Galaxia, 2006, p. 315-316.

¹⁹ Publicación promovida a raíz do afundimento do Prestige (2002).



En marzo de 1985 Xela Arias publica por vez primeira na revista feminista *Festa da palabra silenciada* nº 2 o poema «Perdida nas medidas», que incluíría despois no libro *Denuncia do equilibrio*.

Texto 2 -----

Transferidos os silencios paseei logo
 pero –grande desmesura mental–
 fora asasinada nas sombras Deterioros
 e pantasma
 acugularon o panorama espindo
 en consecuencia os xogueteos no vento
 salpicados
 e foi como quedar durmida nas beiras
 todas os vértices xaneiros
 e destempos
 Nunca tal feito se agardara NUNCA
 tan duro tropezo foi a forma
 nin na morte se pensara alcanzando
 semellantes decisións espellos o deleite
 se ¡as nosas fugas son sagradas!

Denuncia do equilibrio (1986)

Punto 11 – Edicións Xerais – Rúa Doutor Maraño, nº 10



En outubro de 1980 Xela Arias comezou a traballar como administrativa en Edicións Xerais formando parte do cadro inicial da editora na rúa Doutor Maraño formado por **Xulián Maure**, **Roberto Pérez Pardo** e **Manuel Méndez Batán**.

Inicialmente atendía chamadas de autores e librarías, manuscibía as intervencións das presentacións dos primeiros títulos, confeccionaba o arquivo de prensa de Xerais, empresa á que se incorporara **Carlos Blanco** como xerente e **Luís Mariño** como director editorial.



A partir de 1982, Xela centra o seu traballo no departamento editorial, ocupándose da corrección de probas e da edición de libros de creación e investigación ata setembro de 1990.

Dende 1982 a 1990 formou parte dun equipo de traballo ao que se incorporaran en 1983 **Siro Iglesias** (administración), **Xosé García Crego** (producción) e **Celia Torres** (promoción).



Entre 1990 e 1996 comparte os estudos universitarios coa colaboración con Xerais como tradutora, correctora de estilo e editora das coleccións Biblioteca das Letras Galegas e Xerais Universitaria. Xela con 21 anos pronunciou o seu primeiro discurso en representación de Xerais o 20 de xuño de 1983 na presentación da colección «Xabarín» de clásicos xuvenís no salón de plenos do concello de Lugo con motivo da III Semana Bibliográfica das Linguas Ibéricas.

Cando se independizou en 1982 viviu nun apartamento na **rúa Tomás Alonso**.

Texto 1 -----

Xela Arias editora

O 27 de marzo de 1981 inauguráronse os locais de Edicións Xerais de Galicia na rúa viguesa de Doutor Maraño 10. Nun acto que reuniu a un cento de persoas, o director da editorial, Xulián Maure expresou os obxectivos marcados para esta nova empresa cultural galega: primeiro, «que todo galego teña a posibilidade de ser culto na súa propia lingua», con ese obxectivo se abría a colección de peto «Montes e Fontes» na que tiña cabida a narrativa, o ensaio, ou as guías de viaxe; segundo, «abrir Galicia a todas as culturas», polo que se traducirían para o galego importantes obras feitas no estranxeiro; terceiro, «poder exportar as mellores producións culturais da nosa terra»; cuarto, «colaborar para que a produción da cultura galega non estea presidida nin polo narcisismo ilustrado, nin polos intereses partidarios», pulando pola presenza no catálogo de autores colectivos e colaboracións. Rematou Maure a súa intervención expresando o seu máis íntimo anxeio: «soño con chegar ao século XXI xubilado, gozando cuns medios de comunicación social feitos dunha maneira libertaria polas xeracións que hoxe comezan a leren a cultura que se lle vai dando a través de Edicións Xerais de Galicia».




Xela Arias presenta a colección 'Grande do Noso Tempo', de Edicións Xerais, acompañada de Xavier Baixeras, Maló Cabrera e Valentín Arias, na Feira do Libro de Vigo, de 1989.

Coñecemos aquelas palabras con tanta precisión polas notas manuscritas que aquel serán de venres tomou Xela Arias, daquela oficinista da editora de dezanove anos, que no pasado mes de outubro entrara a formar parte do cadro de persoal inicial xunto a Roberto Pérez Pardo, o director comercial, e Manuel Méndez Batán, relacións públicas. Un equipo ao que coa inauguración da sede da editora se incorporaría Carlos Blanco, como xerente, Xosé Guillermo, como ilustrador, e antes de finais de ano, Luís Mariño Pampín, como director editorial.

Naquel segundo ano de actividade (1981), Xerais publicaría 27 novidades, consolidando un catálogo de 39 títulos, cifras nada

desprezables para aquela altura para un sector do libro en galego que acadou as 168 referencias no ISBN. Ademais da publicación dos cinco primeiros títulos para o ensino do galego na EXB, a editora xeralista viguesa iniciaba a colección «Grandes Mestres», coa edición completa d' *Os eidos* de Uxío Novoneyra, cando se cumprían os vinte e cinco anos da primeira edición; *Historias que ningún cre* de Anxel Fole e a *Obra literaria* de Fermín Bouza Brey. Outras novidades dese ano foron a edición facsímile en dous volumes das *Cantigas de Santa María*, editadas por Walter Mettman e prologadas

por Ramón Lorenzo e *Terra, mar e xentes*, unha antoloxía da obra de José Suárez, até entón o máis universal fotógrafo de Galicia.



Correccións de Xela Arias a un fragmento da novela de María Xosé Queizán, *Amantia* (2001)

No ano seguinte, 1982, a oferta de Xerais ampliouse ás 38 novidades, abríndose ao mundo infantil coa colección Arroás de álbum ilustrando, ademais de ampliarse a actividade de promoción a todo o país. Foi o momento no que Xulián Maure propúxolle a Xela Arias que se integrase no departamento editorial, dirixido por Luís Mariño, comezando a desenvolver tarefas de revisión e corrección de textos e participando na organización de actos. Foi entón cando Xerais organizou os seus primeiros debates literarios: «A literatura infantil en galego», «A narrativa galega», «A escritora galega onte e hoxe», todos en Santiago; «Modelos culturais e narrativa galega», en Lugo; «Narrativa galega e lingua», na Coruña; así como recitais poéticos en colaboración co Concello de Redondela e coloquios, «Fole e o seu mundo», no Instituto Feminino de Lugo; «Viaxar por Galicia» no Ateneo de Pontevedra e «O cómic galego» en Noia. Xela Arias participou naquel equipo editorial que introduciu tamén outra innovación no sector editorial galego: a realización dos primeiros carteis de promoción dos seus autores, coincidindo co lanzamento de *Amor de Artur* de Xosé L. Méndez Ferrín e dos premios recibidos por Alfredo Conde polas súas novelas, *Breixo* e *Memoria de Noa*.

Responsabilidades editoriais que con vinte anos feitos coinciden coa publicación da súa primeira páxina poética n' *A Nosa Terra* (26-02-1982), ilustrada por Xosé Guillermo, daquela deseñador e responsable da maioría das cubertas de Xerais, así como do primeiro poema na revista *Dorna*, «Vin... unha árbore» e da súa primeira participación nun recital poético nun acto contra a entrada de España na OTAN.

No ano 1983, cando a editora acada os cen primeiros títulos do seu catálogo, prodúcese a primeira mudanza na dirección xeral da editora, pasando a ocupala Luís Mariño. Ao final do ano amplíase o cadro de persoal coa incorporación de Xosé García Crego, Siro Iglesias Izquierdo e Celia Torres Bouzas, que con Xela Arias conformarán un equipo que darían continuidade e identidade á editora durante estas case catro décadas. Xela comezará a representar á editorial como sucedeu o 20 de xuño de 1983 cando no salón de sesións de Casa do Concello de Lugo participou na presentación da colección Xabarín da que xa se ocupaba.

Coa dirección de Luís Mariño, renovouse por vez primeira o catálogo, creáronse as coleccións «Xerais Narrativa» e «Xerais Universitaria», das que se ocupou Xela como editora de mesa, creouse o Premio Xerais de novela (1984) e despois, o Premio Merlín de literatura infantil e xuvenil (1986), así como a edición dun Boletín de Novidades

(1984) e un catálogo anual (1985). Proxectos nos que participou, así como co pulo que foron collendo as coleccións infantís, nas que comezou a participar tamén como tradutora, como foron os casos d' *O Gato Gaidado e a Andoriña Señá. Unha historia de Amor* (1986), obra da que xestionou a cesión de dereitos por parte do propio Jorge Amado, *Amor de perdición* (1986) de Camilo Castelo Branco ou *O bosque animado* (1987) de Wenceslao Fernández Flórez, ambas as dúas publicadas en Xabarín, colección á que xa na década de 1990 incorporará dous dos seus grandes títulos como tradutora, *O derradeiro dos mohicanos* (1993) de Fenimore Cooper, polo que recibiría o Premio Ramón Cabanillas, e *Drácula* (1999) de Bram Stoker.

Coa nova remuda na dirección xeral de Xerais e a incorporación a esta responsabilidade de Víctor F. Freixanes, Xela Arias implicarase como editora na creación das coleccións «Grandes do Noso Tempo», «Biblioteca das Letras Galegas» e «Xerais Crónica», responsabilizándose da edición de mesa, do encargo de traducións, edicións e introducións. Momento (1989) no que muda tamén o deseño editorial da editora -até entón externalizado no estudio Revisión (Pepe Barro, Xosé Díaz), que se ocupara da homoxeinización da imaxe da marca- coa incorporación de Miguel Vigo, que se ocupará do deseño de *Tigres coma Cabalos* (1990), libro de poemas de Xela Arias e fotografías de Xulio Gil. Edición moi coidada, como a da exposición itinerante que a acompañou, que practicamente coincidiu co abandono de Xela Arias do cadro de persoal (30-09-1990) para retomar, primeiro, os estudos de COU a distancia, e despois iniciar (1991) na Universidade de Vigo a licenciatura de Filoloxía Hispánica que remataría en 1996. Estudos que compartiu cos seus traballos de tradución e edición externa das coleccións Universitaria e Biblioteca das Letras Galegas de Xerais, o que axudou sendo eu mesmo director editorial a manter o vínculo semanal de traballo con ela. Conversa profesional da que saíron numerosas e moi valiosas propostas de tradución como algunhas publicacións avaladas polo seu criterio como lectora.

Editores de mesa meticulosa de formación autodidacta, Xela Arias mantivo un alta responsabilidade con respecto á lingua, sendo as súas interpretacións moi relevantes no proceso de fixación da norma de 1983 cos criterios que existían no momento. Como facía coas súas traducións e libros de poemas, Xela procuraba na edición dos textos alleos a fidelidade co orixinal, mais tamén o rigor léxico, sintáctico e ortotipográfico.

Manuel BRAGADO, *Xela Arias editora*, en bretemas.gal/xela-arias-docente²⁰

²⁰ Manuel Bragado, Xela Arias docente, *Revista Galega de Educación* nº 80, 2021, páxs. 82-83.

Punto 12 – Atlántico Diario – Rúa Camelia, nº 104 baixo

Texto 1 -----



Domingo, 26 de Marzo de 1989

Xela Arias es una de las representantes más significativas de la nueva generación de escritores gallegos, en el ámbito de la poesía. El uso del gallego en su obra respondió al principio a la educación recibida y ahora a una postura ideológica.

«Vigo me sugiere dolor»

Además de hacer poesía, crea las letras del grupo «Desertores»

MARÍA ALONSO

Vigo

Natural de Lugo, lleva en la ciudad de Vigo desde los 7 años y sus primeras incursiones en el mundo de la poesía se producen durante su adolescencia, cuando contaba entre 14 y 15 años.

En cualquier caso, su afición por la literatura es algo que posee desde bastante tiempo atrás, cuando, según ella recuerda, *«escribía cuentos, para que, después, mis padres me los pasaran a máquina»*.

Si algo caracteriza la actividad política de esta joven escritora, que no gusta de ser llamada así, es su espíritu revolucionario, siempre dispuesto al cambio y a la innovación.

De ahí que afirme tajantemente que *«soy revolucionario por lógica, si se tiene en cuenta que sólo puedo respetar al escritor o artista que desempeña su actividad desde un punto de vista personal y eso sólo se puede conseguir si escapas de lo que ya está hecho»*.

Xela Arias no dedica su tiempo tan sólo a la producción literaria en el ámbito de la poesía, sino que, además de trabajar en la editorial gallega Edición Xerais, y de hacer las veces de traductora, es la responsable de las letras de los temas del grupo de rock «Desertores».

Acerca de lo que se llama la nueva generación literaria gallega, Xela Arias, de 27 años de edad, afirma que *«no se sabe dónde está realmente. porque. aunque hay gente que escribe sola o se reúne con un grupo de escritores, no parecen tener una idea clara, no tienen sangre ni ganas de guerra y, aun por encima, no reciben ningún tipo de ayuda ni de subvención de la consellería»*. Xela Arias, que reconoce en la poesía y toda la literatura en general un poder para cambiar el curso de los acontecimientos en cierta medida, se encuentra preparando la que va a ser su próxima incursión en el panorama bibliográfico un libro-exposición, en el que habrá fotografías de desnudos femeninos y alrededor de 48 poemas .

Leer a Rimbaud

—¿Cómo se produce tu llegada a la afición por la literatura?

—Yo tengo la impresión de que llevo escribiendo desde siempre. Recuerdo que, ya de pequeña, hacía una especie de cuentos que daba a mis padres para que me los pasaran a máquina. De todas formas, cuando realmente llegué a la poesía fue en la adolescencia, con 14 o 15 años.

Esto ocurrió después de haber leído a Rimbaud. Anteriormente, nunca leía poesía, no le hacía ni caso, porque no era capaz de apreciarla.

—¿Es cierto que para ser una buena poeta es necesario leer poesía?

— Para ser poeta, no. Para escribir bien, es posible que sí.

—¿Con qué tipo de poesía te sientes más identificada?

—Ahora no leo demasiada poesía. De cualquier manera, me identifico con aquella poesía que me diga algo y, además, grandemente. Es decir, que refleje cualquier sentimiento o acontecimiento con sangre, y que sea brutal. No soporto la poesía que se queda a medio camino, la que dice tan sólo las cosas bonitas

«Respeto al artista que rompe con lo ya hecho»

«Ahora, los poetas no tienen sangre suficiente»

—¿Qué temas te atraen?

—Particularmente, todos aquellos que tengan que ver con mi vida, con las cosas que me gustan. Por ejemplo, en Vigo aprecio todo lo que tiene que ver con la vida urbana y reflejo todos los sentimientos que pueda generar lo urbano.

Vigo me sugiere dolor

—¿Qué te sugiere Vigo?

—Como poeta, Vigo me sugiere bastante dolor. Como ciudad fronteriza que es tiene mucha vida y eso significa dolor y placer al mismo tiempo. En el sentido que antes hablábamos, Vigo no está a medio camino. Desde ese punto de vista, puede dar mucho de sí, y puede llegar a ser incluso pasional.

—¿Qué publicaciones tienes?

—He publicado hasta el momento el libro *Denuncias do equilibrio*, en el año 86. En aquella época dirigía Xerais Luis Mariño, que me propuso publicar, porque yo ya estaba

escribiendo en revistas y periódicos. Por este motivo, recopilé todo aquello que tenía publicado por ahí y que pudiera reunir en una línea similar.

—¿Cuál fue el resultado de esa recopilación?

—Un libro de sentimientos encontrados, muy intimista, para el que intenté meterme bastante dentro de mi misma, con el fin de sacar todos los sentimientos que puede generar Vigo y sus relaciones. Sobre todo, ahora mismo tengo la sensación de que es un libro adolecerte.

—¿Abogas por el espíritu revolucionario del escritor?

—Sí, y sólo respeto al poeta o artista que realiza su actividad desde un punto de vista personal y eso sólo se consigue si escapas de lo que ya está hecho. Lógico es, entonces, que yo me exija lo mismo a mí.

—¿Cómo se trasluce este espíritu de cambio e innovación?

—En el libro, en la falta de puntuación, en la profusión de espacios en blanco que presionan al lector a un ritmo determinado. Ahora, que ya utilizo puntos y comas, creo que eso se trasluce gracias a cómo digo lo que digo, procurando más, generar sentimientos que dar moralejas.

La nueva generación

—¿Qué opinión te merece la nueva generación de escritores?

—No sé dónde esta, no se ve. Hay gente que escribe en su casa o se une con un grupo de personas, pero no veo todavía nada, si bien espero que llegue en algún momento. No hay ideas claras no se ve suficientemente sangre y la gente no adopta una postura clara de guerra. No me interesa un poeta con sentimientos melancólicos que después refleja en un escrito, sino personas que sean capaces de recoger influencias del lugar en el que viven, para después hacer un juicio sobre ello. Hay que ser fuerte y honesto para escribirlo y, además, bien. Además, hay que decir que desde la Dirección Xeral del libro no se subvenciona nunca la poesía.

—¿Qué problemas se plantean los nuevos escritores a la hora de publicar?

—Todas las dificultades posibles. Para publicar hay que ganar algún premio, ser muy bueno o estar enchufado.

—¿Es verdad que la poesía y la literatura están amenazados por la era de los ordenadores?

—Que están amenazados, es cierto, pero lo están desde su existencia, pero es imposible que desaparezcan, al igual que nunca va a ocurrir que desaparezca la melancolía. Espero que la era de los ordenadores sólo influya en la manera de escribir, más rápida y sin necesidad de tanta memoria.

—¿Por qué escribes en gallego, por gusto o por un posicionamiento ideológico determinado?

—Fui educada en gallego, si bien también conocí el castellano en igual medida. La mía fue la casa de un nacionalista y, si al principio escribía en gallego, era porque mi intimidad era gallega, aunque con el tiempo el seguir haciéndolo es, posiblemente, una postura ideológica. Creo que vivimos en un país que se ha perdido el respeto a sí mismo, si es que alguna vez lo tuvo y uno de los aspectos fundamentales para recuperarlo es el idioma.

Punto 13 – Rúa Zamora, nº 39



En 1969 a familia trasládase a Vigo (vai establecer o seu domicilio na rúa Zamora), cidade decisiva na biografía e na obra dunha *«nena de barrio e vida proletaria»*, nas súas palabras. A familia vive no número 39 na rúa Zamora ata que Xela se independiza. Amparo Castaño, nai Xela Arias no web RAG:

«Ela e os irmáns tiveron moita liberdade para xogar na rúa. Todos os nenos e nenas do barrio xogaban nun predio que estaba a carón do noso edificio, porque a rúa remataba onda a nosa casa».



O seu primeiro traballo publicado foi *«A fraga dos paxaros faladores e a fraga leoparcia»*, que viu a luz en 1973 no *Boletín da Asociación Cultural de Vigo*, e en *La Voz de Galicia* o 3 de febreiro de 1974, cando tiña once anos, pero Amparo, súa nai, acredita que escribía contos desde un par de anos antes polo menos. A este conto, premiado no certame do Facho, acompañárono na publicación en *La Voz* cadanseu debuxo asinado por Paulo e Manolo, fillos de Manuel Caamaño Suárez. Conta Caamaño que a aquela convocatoria (1973) concorreran preto dun cento de contos, e levará o primeiro premio o presentado co lema 'Rosa' por Xela Arias, á que lembra como *«rapaza observadora,*

calada, tímida, de sorriso doce, que se sentía moi leda por ter logrado un galardón de prestixio. A súa vocación literaria recibía dese xeito un importante pulo que lle daría azos para proseguir no seu íntimo anxeio de darse a coñecer e deixar unha pegada fonda entre os novos creadores no eido da poesía, cousa que co tempo así aconteceu».

Con anterioridade (4 de febreiro de 1973), tamén en *La Voz de Galicia*, Xela ilustrou o conto *'O neno invisible'*, de Guillermo Roxo. E pouco despois participou en *'Axóuxere'*, aventura literaria para nenos no xornal *La Región*, que promovía o escritor Paco Martín na comparía dos debuxantes Ulises Sarry e Xoán Balboa.

Sábese da existencia do conto inédito *'A pobreza e a negrura da aldea'*, asinado o 1 de decembro de 1972, así como outros polos que foi premiada nos certames de Caixa Vigo.

Texto 1 -----

**Os meus pais cumpriron a súa palabra**

Os meus pais cumpriron a súa palabra. Hai tempo xa que chegamos á cidade. Está a trinta quilómetros de onde viviamos antes. É que Marcos medrou bastante.

No noso piso hai unha terraza pequena que dá á rúa. Temos un cuarto de xogos e mais a terraza. O resto do piso é de toda a familia. Porque como hai tráfico e mentres non nos afacemos a vivir aquí, déixannos saír pouco da casa.

Algúns días baixamos ao terraplén de xunta o noso edificio.

É un soar abandonado, cheo de terra seca e pedrollos e madeiras con ferruxe das puntas que lles cravaron.

Aquí hai bastantes rapaces da nosa idade. Van en dúas bandas, a do noso barrio e os de Riobó. Entón, de cando en vez, organízase unha liorta tremenda.

Trátanse no terraplén: os do meu barrio estamos arriba e con pedras e terróns impedimos que os de Riobó suban ata nós. Eles teñen todos tiracoios e lanzan as pedras a moita distancia.

A Lucía –a miña veciña–, dálle medo vir aos combates. Pero hai que ir, se os de Riobó conseguen subir igual se lles ocorre non deixarnos onde estar.

Os de Riobó son bastante peores cós do meu barrio. E iso que case todos teñen tiracoios. Nós, ademais, somos máis listos, e organizámonos agachados nas matogueiras e nas silvas para lanzar pedras e terróns sen que os outros saiban nin de onde lles caen.

Votamos de capitán a Ramón, un de ollos verdes que fixo a cabana dos eucaliptos, preto da casa onde imos ás ameixas. El di cando comeza a batalla. Se xa nos ve moi cansos –por veces penso que é cando el se aburre–, dá orde de retirada.

Perdemos só unha vez contra os de Riobó. E non perdemos. É que abandonamos.

Convenceunos Lois, o pintor do primeiro piso. Veu ao terraplén cando estabamos ensaiando unha estratexia nova: deixabámonos ver algúns na cima do terraplén, e en canto os de Riobó nos atendían, os outros nosos lanzábanlles de todo desde todas as outras beiras do soar.

Lois pinta cadros na súa casa, que o vemos polas fiestras abertas. Ás veces son cadros estraños, só de cores e máis cores. É un artista, e de aquí a uns anos irémoslle ver os cadros nun museo.

–¡Que banda nin que nada sodes vós, se non tedes nin galóns que vos identifiquen, nin uniforme nin nada de nada! –dixo el.

O Ramón, que andaba planificando como seguir a estratexia, caeu na conta. O outro tiña razón. ¡Que banda nin que nada se non nos recoñecería ninguén de non nos ver a todos xuntos?

E Lois propuxo facer unhas chapas pintadas, de identificación. Pero habería que deixar a batalla e poñernos a pensar no debuxo da nosa marca.



Entón berrou Ramón cara aos de Riobó, desde as silvas que o agachaban:

–¡Eh, xente! Parade! ¡Quedamos mañá á mesma hora!

Os de Riobó lanzáronlle terróns e puxéronse a mofarse del e de nós, dicindo que eramos un fato de covardes, que nos rendésemos dunha vez.

Ramón enfadouse:

–¡Merda! ¡Pois rendémonos! Imos facer a marca da nosa banda, que é máis importante que pelexar cuns coitados coma vós. ¡Cagáns!

Xuntámonos todos con Lois. Preguntounos un por un a ver que opinabamos do que deberían levar as chapas. Díxose de todo. Porque aproveitamos para tomar un nome.

–Chamámonos, «Ramón e os seus felinos». E na chapa pos un tigre ruxindo.

Xa Lois lle dixo que iso era unha zarapallada. Primeiro: todos na banda eramos iguais, así que non ía ir o seu nome no título, de especial. E segundo: un tigre ruxindo faría rir a calquera, lembraríalles o león das películas. Coma sempre, tiña razón.

«Os dráculas», cun morcego na chapa, ou «Os látegos», cunha fusta, tamén poderían ser.

Estabámolo discutindo cando nos apareceron alí os de Riobó, a ver que era iso da marca da banda.

Tivemos bo tento de non lles dicir os nomes que supoñíamos, pero marcharon sabedores, e andan eles agora por ver de atopar a súa.

E mais non hai medo. Non teñen un gran pintor coma nós, para lles facer as imaxes das chapas.

Ademais, estamos inventando un himno. Un himno para a mellor banda de nove anos da cidade enteira.

Xela ARIAS, *Non te amola!*, pp. 51-55.



Punto 14 – Neboeira – Rúa Venezuela, nº 46

Ao longo da súa vida, os seus versos viron a luz en publicacións locais, eclipsadas por outras revistas de maior envergadura: **Neboeira**²¹, **Carel**²², **Treboada**²³, **Katarsis**²⁴...

Na primavera de 1983 no primeiro número da revista viguesa **Neboeira** publica o poema '**A mañán é nova e neboada**', a partir do que escribe outro máis breve para o catálogo dunha exposición do pintor Xosé Guillermo.

²¹ **Neboeira. Publicación de cultura galega** era o subtítulo desta revista editada polo colectivo Neboeira, Xuventudes do Círculo Ourensán Vigués (Rúa Venezuela, nº 46), durante o ano 1983. A súa coordinación correspondía a Carlos F. Marcos, ilustradores: Conchi San Millán, Raquel Martínez Calvo, Santana e Pepe Carreiro. **Dicionario da literatura galega II**, Galaxia, páx. 324.

²² **Carel. Revista de creación.** Revista do Ateneo Santa Cecilia de Marín aparecida en abril de 1984 da que só saíron tres números. Recolle textos en galego, castelán e portugués. A coordinación corre a cargo de Miguel Villanueva e o consello de redacción está formado por Rosa Sobral, Marro Barreiro, Emilio R. Fernández e Malena Barreiro. Marcelo Leonard é o encargado da fotografía. A revista é o resultado da reestruturación dunha anterior **Kinkaya fina**. A súa finalidade é divulgar o traballo creativo de artistas que non eran recoñecidos pola estética dominante do momento. Nela atopamos poemas de Alfonso Armada, Salvador García Bodaño, Ernesto Guerra da Cal, José Krozer (en castelán), Alfonso Pexegueiro, Xoaquín Agulla Pizcueta, Luís Rei Núñez, Ánxeles G. Sumay, Paco Tizón, etc. Dedícalle tamén unha especial atención á plástica, incluíndo debuxos de Manolo Soto e Marisa Justo, fotografías de Jesús Fariña e un cómic de Víctor Tizón. Esporadicamente aparecen artigos sobre literatura e arte (asinados por Xosé Antón Castro Fernández ou Eloy Fariña). Ten un especial interese o número 3 porque recolle poemas de autoras daquela case descoñecidas e, nalgúns casos, aínda inéditas como Ana Romaní, Helena de Carlos, Xela Arias ou Susana Trigo.

²³ **Treboada. Revista cultural do Centro Galego de Barcelona** que se afasta da liña de información asociativa que caracteriza a **Alborada**, boletín publicado pola mesma entidade. Dábaselle importancia á reflexión sobre a actualidade nos diversos eídos (cine, arte, literatura, etc.) e pretendía abrirse ao ámbito catalán. Aparecida en marzo-abril de 1982, o último número publicouse en 1985. Como director figura o mesmo da entidade, Daniel Pérez Guerra, pero a coordinación efectiva é de Anxo Baranga, María Isabel Pérez Dávila e Xosé María Costa Gómez.

²⁴ **Katarsis** é outro dos fanzines xurdidos ao abeiro da movida viguesa. Naceu en 1982 e chegou a editar seis números, ata 1985 en que desapareceu. Os principais responsables dela foron os irmáns Paco e Víctor Tizón, e entre a súa ampla nómina de colaboradores estaban Norberto Fernández, Tokio (Alfredo López Fernández), Gus Fernández e Xosé Couñago. As páxinas de cómic completábanse con artigos de xente como o crítico de jazz Pedro Solveira ou a poeta Xela Arias. Emilio Alonso, **Vigo a 80 revoluciones por minuto**, p. 238.

Texto 1 -----

A mañán é nova e nevoada

A mañán é nova e nevoada
a celebra-los colores no iris, nas pupilas,

Estou sola
sendo espello único e presidiario
do novo día que nace perfecto e nevoente
polo este océano

 a chamar no marmurio
Marmurio nana das súas ondas,

A natureza a pari-los cantos dos pardaos
nas ramas dos piñeiros
os toxos timidiños florecendo
 cos lagartos invernantes acochadiños
vai ti saber
en que covacha escondidos,

E o mar
e a espuma
 e a néboa
facéndome animal e natureza
e son de novo nena
 inocente
 infantil
e luminosa

Sei dunha predición mesta
a facer bolachiñas no cerebro pensante
da miña cidade
 non miña
 somentes cadaleito de supervivencia
e a predición medra e mata cando medra
este espello no iris nas pupilas
 morea de colores e cantos
sendo vida viva
 inocente
 inxenua
e presidiaria ²⁵



²⁵ **Neboeira 1** (1983).

Texto 2 -----

era nova e neboada
 nos carballos castiñeiros do camiño
 nas portas das casas no campanario da igrexa

estaba cansa a traballar por saír
 no intermedio das horas
 que bailaban no swing das formigas
 ó son que pasaban

adoecía empuxando o sol
 dormido cos andípodas

a mañán berrou verde gris no lenzo²⁶

**Texto 3** -----**Os ollos ben pechados**

eu
 mirando a túa reflexión o teu regreso
 á postura máquina perfecta
 aínda –tralos meus cristais rosados– vexo desacougados
 saharas inmensos avantar mares apousados
 por un erro –quizás un só maldito erro–
 que trastocou a precisión da mente os puntos
 nos is conxugados parir saír e partir

aparca-lo inxenuo das avelaíñas dormidas
 asasinar fronteiras de caricias
 manter só fogueiras de desperdicios nas cunetas
 –horribles panoramas–

facen sitio aquí ó meu lado para ti de volta
 das cazas amor as casas da paz
 erguidas nas cinzas dos lumes as árbores
 pechadas guindaron sucesións de faíscas
 verdeazuis sentimentos marxinados que se prenden
 –a cotío– no tendal da roupa fresca ó sol
 ti –os ollos ben pechados–
 enguedellados paradisos deixados de man abandonados

²⁶ Catálogo dunha exposición de Xosé Guillermo (1983)

preguizosos lamentos forzados no terreo plano da roupa
e o carmín palabras forxando a túa cara
–a forma– o verbo andar descolocado

–os ollos ben pechados –estás seguro–
nesta Idade a Terra do Equilibrio

eu
pártome pártome
e mirando
denúnciome asasina de equilibrios.

Equilibrios desmenuzados
–liñas directas da paisaxe ó corazón–
buscan brazos cabezas liberdade

se a esperanza rematara ¿que quedara?
tal vez: os ollos ben pechados
–Alimenta berros alimenta berros berros
Un berro ¿a esperanza? esa paisaxe²⁷.

Denuncia do equilibrio (1986)

Texto 4 -----

Trouxen augamel para agasallarte e senteime na escada á agarda
Non chegabas nunca e cansaba
Cosín cun fío os pensamentos todos e abrín a porta
Saín. Fun por tras de min deixando as pegadas no chan

e se tantas voltas viaxo de nervio aprisionado
se xiro terras e metais lenzos abertos
entrelazados
se escandalizo o interior derroto peixes lubinas
caranguexos

é que teño o corazón de auga derretida desbordando
vasos e piscinas
e veñen as augas zoando coma corsarios
dos mares da palabra²⁸.

Denuncia do equilibrio (1986)




²⁷ O poema foi publicado en *Katarsis 5* (1985), cunha ilustración de Xosé Guillermo.

²⁸ Sen título viu a luz en *Carel. Revista de Creación 3* (1985).

Texto 5 -----

Polo paseo arriba mergulleime naquilo que non
 era meu
 e sentínme tan dentro
 que me era de xeito
 que os vidros subían o ton
 e quedaba abandonada séndome tan
 ben das estrelas fuxidías erguían
 os voos os paxaros e andaba
 perdida en todo eu que era todo aquilo

tivo que pasar: aparexeime nos ventos
 contaminados sinto ese vehículo
 acenderse xa o coñezo tanto que
 Pásote
 Dou outra volta
 Relátome polo paseo arriba mergullada²⁹.



Denuncia do equilibrio (1986)



²⁹ Unha versión máis extensa do poema fora publicada en *Treboada* (1984). Co título '*Cidades neón*' foi publicado tamén en *Boletín informativo do Concello de Carnota 10* (1986). En versión bilingüe galega e alemá ('*Auf dem Weg darüber tauchte Ich*'), a cargo de Georg Pichler, apareceu na revista *Lichtungen 63* (1995), publicada en Graz (Alemaña).

Punto 15 – A Trincheira – Rúa García Barbón, nº 33



A emisora máis significativa en Vigo na década dos oitenta foi *Radiocadena Española*, xurdida en 1978 como resultado da fusión das franquistas Cadena Azul de Radiodifusión (Radio Juventud), Red de Emisoras del Movimiento (emisoras La Voz de...) e Cadena de Emisoras Sindicales. Foi en 1983 cando o xornalista Segundo Mariño asumiu a dirección da emisora en Vigo e apostou por renovar toda a programación e adaptala aos novos tempos que corrían (...).

A comezos de 1986 Radiocadena trasladaría os seus estudos a un piso do número 33 da rúa García Barbón. A mudanza significou tamén a posta en marcha das emisións en FM, que se sintonizaban no 90.1 do dial. Era unha canle moi potente cuxa cobertura alcanzaba máis aló de Santiago de Compostela, polo norte e pasaba de Viana do Castelo, polo sur. Ademais da programación elaborada en Vigo, a emisora tiña unhas horas de conexión con Madrid, tempo que ocupaba unha lista de discos, polo que non resultaba tan repetitiva. Tamén se podía escoitar programas de boa calidade como *Disco Grande*, presentado por Julio Ruiz.

No mes de abril daquel ano foi cando eu comecei, en solitario, unha longa, frutífera e satisfactoria aventura radiofónica chamada *A Trincheira*. Estivo en antena ata ese mesmo mes do ano 1991, primeiro nesa emisora e logo, tras a absorción por Radio Nacional de España, no circuíto galego de Radio 4.

Cando iniciéi *A Trincheira* púxenme como obxectivo facer un espazo non exclusivamente dedicado á movida, senón que servise de difusión de todo tipo de actividades culturais que puidesen interesar a un público de entre 15 e 40 anos cun mínimo de curiosidade, cousas que, segundo a miña visión, non tiñan a cobertura que merecían na radio local. Por outra parte, e dada a potencia da emisora, non me limitei a informar da actualidade viguesa e procurei dar noticia de toda aquela cousa de interese que acontecía en Galicia. De aí que polo programa pasasen artistas plásticos como Lodeiro, Francisco Mantecón, Paco Pestana, Mercedes Ruibal, Tono Carbajo, Xosé Guillermo, Isaac Pérez Vicente, Laura Terré, Lois Corvera ou María de Felipe; escritores como M^a Xosé Queizán, Xela Arias, Ramiro Fonte, Román Raña ou Luís González Tosar; músicos como M^a del Mar Bonet, Luis Eduardo Aute, Amancio Prada ou o compositor contemporáneo de música electroacústica Enrique X. Macías. E centos de persoas máis que visitaron o estudio durante os cinco anos de emisión do programa. A súa primeira sintonía foi o tema de *Bromea o Qué? 'Sandino ¿dónde estás?'*, incluído no seu primeiro



disco; despois, Alberto Torrado, de [Siniestro Total](#), regaloume un tema instrumental sen título no que el tocaba todos os instrumentos.

En [A Trinchera](#) (...) a música pop-rock máis actual e as entrevistas do día a día eran o contido principal do programa, que se emitía de luns a venres, de 4 a 8 da tarde. Pero, ademais, tiña unha serie de seccións estables de emisión semanal (...) os luns (...) emitía [Santo Rock](#) (...) o espazo era un repaso a algunhas efemérides da historia do pop-rock co (na que...) pretendía que a xente (...) nova coñecese os grandes grupos, os músicos imprescindibles (...) unha

hora á semana dedicábaa (...) á emisión de maquetas³⁰ de novos grupos (...) vigueses, por suposto, galegos, portugueses³¹ e do resto de España. (...) Outro espazo interesante foi [O berce das neboiñas](#) que realizaba Xulio Gómez³² (...) dedicado á música independente británica. (...) [O inimigo dentro](#) era o nome da hora semanal que se lle dedicaba á música pop experimental e industrial (.). O pintor Issac Pérez Vicente (...) apoiouse no actor Ricardo Álvarez 'Indio' para realizalo. (...) Indio tamén era responsable doutro espazo do programa, xunto a Xerome Calero 'Jero'³³ (...) [A pulga en celo](#) e era un espazo de humor bastante surrealista, de dez minutos de duración e que se emitía a diario. (...)

Tras a integración de Radiocadena Española en RNE, ocorrida o 1 de xaneiro de 1989, [A Trinchera](#) pasou a emitirse no circuíto galego de Radio 4. Ese feito posibilitou que os oíntes do programa tivesen tamén acceso ás propostas que, desde A Coruña, facían locutores como Xosé Manuel Louro, Pequero Pernas e Marcos López en espazos como [Augas Atlánticas](#) ou [Rompeolas](#) 981.

³⁰ A semellanza do [Esto no es Hawaii](#) en Radio 3 de Jesús Ordovás.

³¹ [Atlántico Expres](#) era o espazo dedicado á música feita en Portugal. O curioso do caso é que Vigo estivo bastante alleo, case de costas, ao veciño país. E iso que [Os Resentidos](#) gravaron o seu primeiro disco, [Vigo, capital Lisboa](#), naquela cidade e que [Siniestro Total](#) lle fixera unha chiscadela á Lusitania con [¡Menos mal que nos queda Portugal!](#) e declaracións de principios coma esta: [Portugal es la única reserva intelectual que le queda a Vigo, es lo único que tenemos firme como conciencia viguesa. Probablemente los portugueses nos rechacen, al fin y al cabo ellos ya colonizaron Brasil, pero nosotros seguimos luchando por la anexión. Pharo de Bego](#), suplemento de [Faro de Vigo](#), núm. 1, 15-XII-1984. Emilio Alonso, p. 216.

³² Xulio Gómez puxo en marcha o fanzine [O Silencio](#).

³³ Ricardo Álvarez 'Indio' e Xerome Calero 'Jero' eran compañeiros no grupo teatral [Máscara 17](#).

Houbo outra emisora, nacida a finais de 1983, que tivo certa audiencia (...) foi Radio Noroeste onde daría os seus primeiros pasos Miguel Piñeiro (...) responsable dun concurso de maquetas que tivo grande acerto de facilitar a gravación das súas cintas aos novos grupos galegos³⁴.

Tivo tamén o seu mérito o labor radiofónico que realizou un rapaz daquela moi novo, Luis M^o Cortegoso Lobato, xornalista, crítico musical do *Atlántico Diario* e picadiscos substituto do *Kremlin*, traballou en Radio ECCA, onde puxo en antena os programas *Vaia Día*, primeiro, e *La Belle Pop*, despois. A pena foi que non tiveron moita audiencia por ser a emisora de carácter educativo e, como tal, pouco seguida polos vigueses³⁵.

Texto 1 -----

III. MONÓLOGO ADICTO

Xa non teño fala.

Despois de recorta-los verbos quedei sen lingua
á que atender.

A nosa inmensidade remata cun centímetro á redonda.

Non fales comigo,

deixei á posta o código

nas escaleiras da entrada ás casas.

Recortei, coma quen non o quere, os ámbitos.

Case me perdo, meu, entre os paseantes.

Así que, recortei os ámbitos.

Agora teño o idioma inclinado nas entrañas.

E perdín para botalo fóra todo interese.

¿Que máis me ten que a min me entendas?

Tigres coma cabalos (1990)

³⁴ «Radio Noroeste deu espazo da súa programación a un dos intrusos, a un dos indocumentados que ao abeiro da movida quixeron facer carreira (...) todos nos referiamos a el como *Taras Bulba* (...) xa que levaba un corte de cabelo que lembraba ao personaxe histórico (...) Nunha ocasión foi entrevistar a *Os Resentidos*, e a sexta pregunta que lles formulou foi: «Siendo de Vigo y llamándoos *Os Resentidos*, ¿cómo es que no cantáis en gallego?. Aí rematou a entrevista aínda que o tal individuo aseguraba que non lle atopaba explicación a aquel abandono de Reixa e os seus colegas». Entrevista a *Os Resentidos* en *Rock de Lux*, núm. 41, Barcelona, 19-VI-1986. Recollido de Emilio Alonso, pp. 219-220.

³⁵ Emilio Alonso, *Vigo a 80 revoluciones por segundo*, Edicións Xerais, Vigo, 2001, pp. 209-221. Emilio Alonso foi correspondente de *Rock de Lux* e coordinador da revista *Tintimán*.

Punto 16 – Fundición Nautilus – Rúa Manuel Núñez, nº 16 Baixo



A **Fundición Nautilus** está formada por un grupo de amigos artistas especializados en distintas modalidades –pintura, escultura, música, teatro, poesía, literatura, fotografía, gastronomía, etc.–, tanto de forma individual como colectiva que tentan contribuír á divulgación da arte. Precisamente porque o que fan é «fundir» distintos tipos de arte, decidiron que a súa fundación levase o nome de «Fundición». Esta xurdiu hai máis de vinte anos da man do pintor Xosé Guillermo, un gran defensor do achegamento da arte ao público, falecido en febreiro do 2009. Entre os artistas que formaron

parte de Nautilus desde o seu nacemento atópanse Jandro Rodríguez, Juan Zufiaur, Cuchus Pimentel, Alberto Conde, Nacho Otero, Xela Arias, Maribel Mouriño, M3, Xulio Gil, Ricardo Bará, Morris, Maruchi B. ou Andrea Taus, entre outros. Son os responsables de montaxes como «Azul Mariño» (1994), «Efecto Nécora (2000) ou Marearte (2006).

Xosé Guillermo (José Guillermo Sobrino Mosteyrín, Carballo, A Coruña, 17 de decembro de 1947 - Vigo, 16 de febreiro de 2009).



Autodidacta, empezou a pintar e expoñer moi novo. Participou en certames xuvenís e foi bolseiro pola Deputación de Pontevedra para estudar belas artes. Realizou numerosas exposicións dentro e fóra de España e participou en multitude de actividades de carácter político e benéfico que o levaron a percorrer medio mundo. Desenvolveu durante máis de vinte anos a súa actividade dentro da Fundación **Fundición Nautilus**, con sedes en Vigo e Granada, onde xuntaron disciplinas artísticas diversas nun

espazo de creación e liberdade. No ano 2006 realiza a súa derradeira exposición *Danza nos tempos* na Casa das Artes de Vigo. Tamén se dedicou á ilustración editorial, colaborou con Edicións Xerais de Galicia, deseñou o primeiro logotipo de Xerais e as cubertas das publicacións desta editorial ata 1984. Destaca a obra póstuma *Cabalos de vento. Curros de pedra* (Editorial Xerais, 2009, Vigo) onde os seus debuxos e textos acompañan as fotografías de Javier Teniente. É un bo debuxante e un artista excelente. O seu modo solto, un tanto barroquizado, ten, ás veces, influencia dos muralistas mexicanos. Adoita argumentar a súa pintura cunha carga ideolóxica. Colorista intenso, enérxico, aproveita os modos do surrealismo aínda que sen entrar de cheo no onírico. A súa obra figura en diferentes coleccións institucionais e particulares. Na cidade de Vigo

aínda se pode gozar das súas instalacións permanentes *Hypocampus 97*, na facultade de Ciencias do Mar, e *Mar y Arte 06*, no CEIP Ría de Vigo.

Un encontro creativo que Xela Arias lembraría dez anos despois no poema «Epístola. Biografía» que lle dedicou a Xosé Guillermo no primeiro número da *Glu... Glu... Periódico discontinuo* (1993) publicado pola Fundación Nautilus:

Texto 1 -----

Epístola. Biografía

I

Eu tiña dezaioito anos e ti a idade de cristo menos un mes.
Non me deitaba contigo (¿viches como se di dunha muller?).
Deixara os meus estudos e traballaba, pero entre Novalis
almorzaba Rimbaud xantaba Verlaine e ceaba Baudelaire
(Novoneyra ou Ferrín de aperitivo).

Apareces ti, que dun trazo debuxas figuras enteiras
mitolóxicos enxeños, que retratas anceios tralos rostros,
e viaxamos na lancha de Cangas coma quen cruza atlánticos
salvando treboadas, falando moito, creo, non sei de qué,
e imos beber absenta nunha taberna (para min que só era nome
invento dos franceses literatos do século pasado, e mira, non),
ennovelamos narcóticos máis mística poética. Estaba ben. E ti
pintabas, pintabas. Roubáchesme tres poemas, pintáchelos,
e vinos nun xornal: ¡tírasme ó mundo!, ¿e agora qué?

Pintas e pintas e pintas....

Fas comuna na Hermida –Sagar e isa dous louriños entre os pés–,
pintas mesturado de verzas e augardente.

Denuncio o equilibrio, píntalo ti.

Levo amigos –que meu irmán toma invariablemente por protodelincuentes
e visitote de cando en vez. Voltas,

elíxe-los teus corenta principais: píntalos, claro...

Máis adiante –será que o retrato non che abonda–

fa-la túa metáfora daquela hora –fachendosos últimos 90s–

e decides que a cidade non é máis que o habitáculo superficial
de mancheas de colgados: acción, arte.

Logo coñecémo-las madamas do teu Brasil, o teu Ganxes,
percorremos un México nos teus bocetos e as historias que traes,
Colombia, Turquía, os Saharas que acompañas.




II

Impórtame ultimamente un felino vermello esculcando a selva
e unha garza inverosímil a manter distancias;
un paxaro enferruxado ameazador e vixiante
e unha cuadrícula de cores que navego sen buxola.

Cousas así, as que me importan.
Sei que préme-lo temón dun nautilus acorazado
disposta ás vintemil e mais sempre á contra pola cidade-
Eu agora, o XIX no seu sitio, fago lume noutras cociñas,
constrúo noventas que me encantan.
Visítote, cousas así as que me importan.
E máis, iso sí, se queres fundimos unha de ballantines
ou destrozámo-los oídos nun antro calquera –a poder ser,
sen distintos nin maiorías, como resdardados–,
pero non che regalo pseudometáforas de tus manos como alas
los vuelos... porque coidaría
que te insulto mentres pintas: non son mans, nin dedos:
te-la masa cerebral repartida en tódolos músculos
e revertida en arte plástica: xa farás viquingos humanos,
baterás pedra ou ferro, colorearás madeira ou tea
ou puntarás este texto
con aquel cal de palleiro cavilando fronte ó lume dunha fogueira
en descanso entre amarelos.
Cousas así, as que importan.

Glu... Glu... Periódico discontinuo1, ano 1 (1993)



Punto 17 – Acto literario en solidariedade cos afectados polo Prestige – Museo de Arte Contemporánea – Rúa Príncipe, nº 54



O venres 20 de decembro de 2002 o **Museo de Arte Contemporánea de Vigo** acolleu o un acto literario en solidariedade cos afectados polo Prestige organizado pola Asociación de escritoras e escritores en lingua galega. **Os poetas de Vigo con Galicia. Nunca Máis**, é o lema do recital poético que contou coa participación de 16 poetas vencellados á cidade. No acto participarán con cadansúa lectura María Xosé Queizán, Ramiro Fonte, Manuel Forcadela, Xosé María Cáccamo, Anxo Angueira, Xabier R. Baixeiras, Marta

Dacosta, Fran Alonso, María do Carmo Kruckenberg, Vitor Vaqueiro, Román Raña, Marga Romero, Manuel Vidal, Xoán Carlos Domínguez Alberte, Pexegueiro e Xela Arias.

Texto 1 -----

Cadáver de Man

Ouvea calado no cimo dun pelouro Man.
O cuspe das ondas repetidas acada o dorso da lúa.

Nós,
tolleitos coa palabra nos dedos coma unha esmola
presentada.

Encóllese o vento noutra rafa furiosa de incendio sen lume.
Man ouvea calado.

É un tributo ós delirios financeiros que tapan as novas
doutras novas nos xornais.
Un agasallo inmerecido a complicidade dos silencios.

Encóllese o corazón noutra rafa furiosa de incendio sen lume.

Ouvea non chora
no cimo dun pelouro Man:
chama por nós.

Mira o cadáver xunguido á fe na vida,
caído na batalla sutil coa orde do mundo.
Miremos aínda,
desde os hábitos nosos de mareantes sen fe.
Póusalle o ouveo no centro ás pegadas que engades.



Punto 18 – Casa do libro – Rúa Velázquez Moreno, nº 27

Escultura Jandro – Rúa do Príncipe, nº 59



O 23 de setembro de 2003 Xela Arias participa na Casa del libro de Vigo na presentación do libro colectivo *Alma de beiramar, a asociación de escritores en lingua galega en contra da Marea Negra* publicado por A Nosa Terra no que inclúe o poema 'Dignidade'.

O escultor Jandro e Xosé Guillermo deseñaron en 2003 un exemplar de *Faro de Vigo* en bronce para a estatua de Manuel Castro no que reproducían en contraportada o poema de Xela Arias 'Dignidade' publicado en *Alma de Beiramar*.

Texto 1 -----

Respecto para unha estatua

A comezos de novembro de 2002 apareceu en Príncipe, diante do Marco, a piques de ser inaugurado uns días despois, a estatua en poliéster de Castro, o derradeiro vendedor ambulante de xornais, obra do escultor vigués Alejandro Rodríguez «Jandro», membro da Fundación Nautilus, institución nacida coa intención de achegar as diversas modalidades artísticas ao público. Unha peza de inequívoca intención realista de tamaño natural que homenaxeaba a Manuel Castro, que percorría de forma incansable o centro de Vigo, dende a Porta de Sol a Urzaiz por Príncipe, onde paraba cos seus fardos diante das galerías de La Norma ou das escadas de Almacéns Alfredo Romero, e de alí baixaba até a Alameda por Velázquez Moreno ou Colón, voceando dende moi cedo as noticias máis frescas de *Faro de Vigo*, máis tamén dos xornais da tarde, como o deportivo *Meta*, *La Noche* de Santiago ou do diario *Pueblo* de Madrid.

Era a de Castro unha figura inesquecible, tanto polo seu carácter adusto e serio como pola súa habilidade para levar baixo o brazo esquerdo un fardo de faros e ao mesmo tempo aguantar os décimos da lotería nacional, mentres sostiña de forma acrobática un faro sobre o índice da man dereita en difíciles equilibrios. Unha proeza dixital esa do baile dos faros documentada por Magar en 1971 nunha fotografía deste quiosqueiro andante na rúa Reconquista á altura dos leóns de Correos ao que, como a Pepiño do quiosco do Paseo de Afonso, que de mociño tamén voceara *Meta* no barrio de Casablanca, lembramos como un deses jichiños humildes e entrañables que humanizaron o Vigo da nosa infancia.

Porén, a aquela aparición da estatua de Jandro á que lle faltaba o bronce, coincidindo coa apertura do Marco que dirixía Carlota Álvarez Basso, foi tan efémera como polémica. Deseñada a iniciativa propia polo autor en 1998, cando residía en Granada, o goberno municipal de Lois Pérez Castrillo encargoulle que a fundise en bronce para a súa instalación diante do museo. Tras as mudanzas da



alcaldía dese ano, primeiro en mans de Ventura Pérez Mariño e despois de Corina Porro, a estatua de 300 quilos e dous metros trinta de altura, permaneceu en Madrid case unha década onde foi fundida por partes. Habería que agardar ao día de noiteboa de 2011 para que fose chantada na localización prevista en Príncipe sendo alcalde Abel Caballero.

Un vergonzoso atraso de oito anos ao que non foi alleo un lamentable episodio de censura, denunciado nestas páxinas de *Faro de Vigo* polo xornalista Fernando Franco en 2004 e recuperado do esquecemento neste ano de homenaxe a Xela Arias. O caso é que coincidiu o momento da fundición da estatua coa marea negra provocada polo *Prestige* e coa resposta expansiva do movemento cidadán organizado na plataforma Nunca Máis e a colectiva do mundo artístico artellada nas intervencións de Burla Negra. Jandro e o seu compañeiro da Fundación Nautilus, o pintor Xosé Guillermo, deseñaron a peza que faltaba á escultura, o exemplar de *Faro de Vigo* que bailaríase no furabolo de Castro. Na portada titularon «Galicia berra ¡Nunca Máis!» e na contraportada reproduciron o poema «Dignidade», escrito por Xela Arias para o libro colectivo *Alma de beiramar* (A Nosa Terra, setembro, 2003), que comeza cos versos: «Marea miseria invade global Galicia / Colleita inepta de intereses financeiros / Burla negra...» Ao goberno municipal de Corina Porro non lle gustou esta solución e Jandro negouse a modificar o deseño, do que por ventura o artista conserva o orixinal no seu taller. Confesou que o facía por fidelidade e homenaxe á escritora activista, que pretendía levar a poesía a rúa e faleceu de forma tan prematura o primeiro de novembro de 2003.

Finalmente sería unha axencia quen deseñaría outros contidos para este xornal de bronce, que tras a inauguración da escultura por Caballero (2011), axiña sería obxecto de continuos ataques vandálicos, dende pintadas até arrincarlle en varias ocasións o exemplar do *Faro de Vigo*, repetidos este pasado mes de maio, tras o a finalización do toque de recollida, no que a peza apareceu sen o brazo sobre o que bailaba o faro. Ataques denunciados tanto polos comerciantes como polo propio escultor que reclaman ao concello un sistema de videovixilancia eficaz para unha das iconas artísticas actuais da cidade.

Por todas estas vicisitudes a estatua de Castro de Jandro, autor tamén dun proxecto de escultura urbana semellante do poeta peripatético Carlos Oroza, que agarda polo interese do goberno municipal, constituíuse en dúas décadas en

icona da liberdade de expresión e en homenaxe ao papel da prensa no desenvolvemento de Vigo como cidade acolledora, dinámica, liberal e cosmopolita. A estatua de Castro merece que se restituía o deseño orixinal do seu autor e conte co respecto e protección do que carece³⁶.

Texto 2 -----

Dignidade

Marea miseria invade global Galicia.
Colleita inepta de intereses financeiros.

Burla negra.

Oes o son mediático das novas nas casas,
a química diplomática na fiestra da praia.

Nunca máis.

«Mar de fondo, capitán».
A velocidade do vento non é nada
se deciden as pantasma.

Never more, never more.

No lombo
a miseria do hábito domeado.
As maquinarias do acougo anotan
as lindezas dos conformes.
Burla negra. Nunca máis.

Intempériate, fogar dos rumorosos.
Pon prezo en castigo
á patética esperanza.
Nunca máis.
Velaí te-la estúpida batalla.

³⁶ <https://bretemas.gal/respecto/>

Punto 19 – Discos LP – Doutor Cadaval, nº 35-37 baixo

En xaneiro de 2017 prodúcese a volta aos escenarios de *Desertores*, nun concerto homenaxe a Discos LP que protagonizaron no Hush Rock, un bolo que non resultou ser único, debido a que seguiron tocando en directo durante ese ano.

En 2021 a banda entra de novo en estudio para rexistrar o que será o seu terceiro traballo no que redirán homenaxe a Xela Arias e que servirá para dar a coñecer parte do traballo que realizou en castelán. Este disco-libro gravado nos estudos Planta Sónica de Vigo, inclúe 12 cancións: 9 en eléctrico e tres en acústico; 6 pertencen a *El desertor*, 4 a *El vicio de la carne* e 2 son inéditas, quedando aínda algunhas letras escritas por Xela Arias nas que *Desertores* traballarán no futuro.

Texto 1 -----

Que me dejes en paz
Hoy quiero dormir
Hasta que se ponga el sol
Levantarme a gatas de la cama
Y dejar el tiempo y tu cara pasar.

Y cuando anochezca, no quiero verte
No me da la gana ya, déjame en paz
Ni tus cuentos, ni tu historia
Hoy no quiero saber de ti.

Y si tienes prisa en verme
Deja la tele en paz,
Olvida que me conoces hace siglos ya
Olvida que nos vemos cada día
Déjame en paz y vuelve a empezar,


Y así, así quizás, podamos hablar.
Es que me río, sabes,
Pero me aburro de ti,
Creo que prefiero un africano
Y su guerra sin final.

Que me dejes en paz, hoy quiero dormir....
Prefiero patalear a morir sin mirar,
Y tú te mueves y me abrazas,
Tú te sientas, yo aborrezco la paz,
Prefiero dormir, hoy déjame en paz.



Punto 20 – A Nosa Terra – Rúa Doutor Cadaval, nº 21

Xela Arias publica o que se considera a súa primeira páxina poética no número 178 do semanario *A Nosa Terra* do 26 de febreiro ao 4 de marzo de 1982. Un poema en catro partes ilustrado por Xosé Guillermo.





Inicia así a estreita colaboración artística con Xosé Guillermo, responsable da capa e do deseño dos interiores do seu primeiro libro *Denuncia do equilibrio*, así como dun dos retratos máis logrados da escritora.

Volverá ás páxinas do semanario *A Nosa Terra* en 1984 no Extra 17 de maio dedicado «As letras das galegas», no que inclúe o poema 'Na xanela desde abril', xunto a textos de María Xosé Queizán, Ana Romaní, Helena Villar e Luz Pozo, entre outras.

Texto 1 -----

Un século, un día, un minuto, un nada. A primeira páxina poética de Xela Arias

Antes da publicación en *Dorna* 3 (1982) de «Vin... / ... unha árbore no canto dunha lúa preñada de soños...», o que se ven considerando como o primeiro poema de Xela Arias, nas páxinas do número 178 d' *A Nosa Terra*, correspondente á semana do 26 de febreiro ao 4 de marzo, na sección «Guieiro» (de creación poética e narrativa) apareceu unha páxina completa que baixo o título «Un século, un día, un minuto, un nada» está asinada por Xela (poemas) e Xosé Guillermo (debuxos). Polo que coñecemos esta pode ser considerada como a primeira páxina poética de Xela Arias, publicada xusto o día que celebraba vinte anos. Un traballo que inicia tamén a fecunda colaboración artística ao longo dunha década entre a xove poeta e o pintor Xosé Guillermo (1947-2009), o creador do concepto «artenauta» e inventor da Fundación Nautilus (1993) desde a que promoveu espectáculos aéreos e terrestres de grandes dimensións.

Unha colaboración froito da súa amizade e do seu encontro creativo en 1980 nos locais de Xerais onde Xela Arias traballaba como oficinista e correctora e Xosé Guillermo frecuentaba como deseñador das primeiras portadas da editorial da colección Montes e Fontes (*Crónica de nós* de X.L. Méndez Ferrín e *A fuxida* de Xosé Manuel Martínez Oca) e das ilustración dalgúns libros de texto ou de carácter didáctico (*Cantigas galegas. Flauta, gaita e canto* de Xosé Luis Fernández Castro). Unha colaboración continuada no debut de Xela Arias en «Faro de Vigo», o 4 de xuño de 1983, na que baixo o epígrafe de «Creación» e o título «Un feixe de versos novos», Xela Arias publicou catro dos seus poemas, acompañados dun comentario entusiasta do poeta Carlos Oroza e por un retrato a pastel extraordinario, que formaría parte dos corenta que expoñería dous anos despois na Casa da Cultura de Vigo. Colaboración que se estendería a outras publicacións como o fanzine *Katarsis*, promovido polos irmáns Paco e Víctor Tizón, onde Xela Arias publicaría no seu número 3 o poema «Érgome» (1984) e no número 5 «Os ollos ben pechados» (1985), ilustrado a pluma por Xosé Guillermo. Conexión artística brutal que condensada na edición de *Denuncia do equilibrio* (1986), o primeiro libro de Arias que ilustraría, portada incluída, Xosé Guillermo coa técnica da colaxe, tan característica das publicacións literarias daquel momento.

Un encontro creativo que Xela Arias lembraría dez anos despois no poema «Epístola. Biografía» que lle dedicou a Xosé Guillermo no primeiro número da *Glu... Glu... Periódico discontinuo* (1993) publicado pola Fundación Nautilus:

«Eu tiña dezaoito anos e ti a idade de cristo menos un mes.
Non me deitaba contigo (¿viches como se di dunha muller?).
Deixara os meus estudos e traballaba, pero entre Novalis
almorzaba Rimbaud xantaba Verlaine e ceaba Baudelaire
(Novoneyra ou Ferrín de aperitivo).
Apareces ti, que dun trazo debuxas figuras enteiras
mitolóxicos enxeños, que retratas anceios tralos rostros,
e viaxamos na lancha de Cangas coma quen cruza atlánticos
salvando treboadas, falando moito, creo, non sei de qué,
e imos beber absenta nunha taberna (para min que só era nome
invento dos franceses literatos do século pasado, e mira, non),
enovelamos narcóticos máis mística poética. Estaba ben. E ti
pintabas, pintabas. Roubáchesme tres poemas, pintáchelos,
e vinos nun xornal: ¡tírasme ó mundo!, ¿e agora qué?
Pintas e pintas e pintas....

[...]

Impórtame ultimamente un felino vermello esculcando a selva
e unha garza inverosímil a manter distancias;
un paxaro enferruxado ameazador e vixiante
e unha cuadrícula de cores que navego sen buxola.
Cousas así, as que me importan.
Sei que préme-lo temón dun nautilus acorazado
disposta ás vintemil e mais sempre á contra pola cidade-
Eu agora, o XIX no seu sitio, fago lume noutras cociñas,
constrúo noventas que me encantan....

Este encontro artístico, entre a poeta e o pintor, entre o poema e a obra plástica, sería o primeiro achegamento artístico de Xela Arias, que continuaría con outros artistas vigueses como Pedro Sardiña, que ilustrou a páxina manuscrita por Xela Arias en *Faro de Vigo* o 16 de agosto de 1984, e co fotógrafo Xulio Gil co que compartiría o proxecto de libro e exposición *Tigres coma cabalos* (1990).

Transcrición da primeira páxina poética de Xela Arias

«Un século, un día, un minuto, un nada...»
Soio
Soio
Soio

Morrer morto
Nas rodas do tranvía
Soio
Suicidio
De formigón
Nas entrañas da técnica
Soio
Canto de neve
Desvanecendo ideas
Soio
Chove
Mesto e miudo
As gotas chaman á porta das herbas
Unha anduriña di que ten fame
Un home di que ten presa
Chove
e o tempo vaise mollando.
A luz do sol
entra pola ventana
a esbarar
a rir
é fuxir?
ou será chegar?
Soio sei que dende logo
rir e esbarar.
ti
eu
il
e soio somos un,
neve no firmamento que nos engole
eu
il
ti
e soio somos un,
longo camiño de estrelas
curto tempo-reló de área
il
ti
eu
e soio somos un,
a buscar outro e outro
pra ser un máis grande.
Xela (poemas) e Xosé Guillermo (debuxos)

Texto 2 -----

na xanela desde abril

penso en contarche que me deprime o vento nos salgueiros
poeirentos das alamedas...

je xa non me magoan os fumes nas luzadas das noites
nos seos
dos focos

iluminando seráns de desavenencias!

desapercíbote
abril esgrevio

clímax de clínica me semella o teu ardor
nun xornal perdido
pasando na blaustrada das estacións
vivo ou morto

interiorizo constelacións
vércome nas claraboias das cítaras cigarras na cidade
hai un son ó chou
un chiar de pardaos e verderolo verde
e un ánimo venenoso cara o abandono

acordo non adxudica-la adversidade
á noitiña palpo o narcótico do nariz
son un nó de verbos dos novelos dos nomes

corro as cortinas saio
adiántome á chegada
deparezo nos óleos aneonados
e non me importas

Nese poema Xela, anticipa un dos versos máis emblemáticos de toda a súa obra, que fixará dous anos despois no poema «Apátridas» de *Denuncia do equilibrio*.

Texto 3 -----**Apátridas**

galicia e nós no de verbos nos novelos dos nomes

mira entón pedinche que viñeses correndo tracexa-los
mundos novos da maxia e o misterio inmiscuídos que

foramos do inverno fillos sobrenome dos insomnes
sen pai
un río tan sereno selou as fanegas das montañas peitos
todos en orde de seducción ergueitos de ti parto
último estertor no silencio
derradeiro esforzo para caer frondosa nos lameiros
amainados
un cabalo
honrado habitante
segue a plegaria por ti desterrada
entón erguín teimuda en labaradas os sentidos outra
volta nalgún sitio dos cómaros en festa a chama
futil dun tempo un cacho no que acampamos
materia humana transformante
escoitouse o eco rebobinando no sobrencello dos penedos
quedos na beiramar esbarrando ollos a xerfa barbollante
paladeando disculpas non podías atreverte pasados
os erros todos da
esperanza sen marco situado
pero é dereito que solicito nos suceda
eu túa filla nai de placentas asasinadas calo perdón ámote e
son carne da túa carne desexándote

Denuncia do equilibrio (1986)

Punto 21 – Colexio Oficial de Arquitectos – Rúa Doutor Cadaval, nº 5



En xaneiro de 1990 Xerais publica *Tigres coma cabalos*, poemas de Xela Arias e fotografías de Xulio Gil. Diseñado por Miguel Vigo contén 24 creacións poéticas e fotográficas en cadanseu medio e en cadansúa soidade, despois intercambiadas entre os autores. O 16 de marzo de 1990 preséntase o libro *Tigres coma cabalos* e inaugúrase a exposición na Sala de Exposicións do Colexio de Arquitectos de Vigo.

Texto 1 -----

Fotógrafo e poeta propuxéronse facer cada quen 24 orixinais en cadanseu medio e en cadansúa respectiva soidade. Logo veu o intercambio e cada un deles traballou 24 novas creacións sobre os orixinais do outro. Iso foi o modo. Agora non lles interesa fixérense en qué foi feito antes e cal mellor resolto. Aquí ofrécenvo-los resultados nunha orde que nada ten que ver coas cronoloxías, e contentaríanse, en canto á proposta, con que atopasedes algo na unión dos dous medios, e dos dous sentidos mesmo na distancia e con que tamén vos despreocupase cómo e quedasedes co qué e co porqué. En todo caso, aí quedan. Nin pés de foto, nin ilustracións ó texto. Se tal, a historia.

Os autores

Texto 2 -----

Indecisión

Entrabas, furor en man,
reclamar esa condición de estar.

(Sófrete quen vai contigo.)

Vas poñer
as pedras sobre as pedras e sobre as pedras
un nome amado:

Sófrete quen vai contigo,

e véñse,
a modo,
abaixo a túa idea da loucura.



Tigres coma cabalos (1990)

Texto 3 -----

III. Monólogo adicto

Xa non teño fala.
Despois de recorta-los verbos quedei sen lingua
á que atender.
A nosa inmensidade remata un centímetro á redonda.
Non fales comigo,
deixei á posta o código
nas escaleiras da entrada ás casas.

Recortei, coma quen non o quere, os ámbitos
Case me perdo, meu, entre os paseantes
Así que, recortei os ámbitos.
Agora teño o idioma inclinado nas entrañas
E perdín para botalo fóra todo interese
¿Que máis me ten que a min me entendas?

Tigres coma cabalos (1990)



Texto 4 -----

Acompáñame

Son dun tempo
de espectáculos, lanternas e acebeches comigo.
Tamén sei dunha violencia de silencio
en serpe oculta de maligno
que maldigo.

Na raia da evidencia –tan ás claras–
eu tributo, distraída dos pans,
cada pedazo entre o noxo das brasas,
no malestar do cotián ese
odioso caníbal dos meus ollos.

Porque
sei de sereas verdadeiras tamén cantando venenos,
e mais das inmensas prosas do descanso.
Pero é que as miñas zonas
tamén son rostros conxestionados polo traballo.
Maldigo o precio de vida que arrastran,
e fusilo de min a disciplina da ordenanza.



Texto 5 -----

Esta imperfección que fai de nós nós...
debúxaseme agora primavera.
Son os restos que conteño da grandeza dos deuses,
os demoníacos restos que gardo dos infernos
Quen protestan
Quen violan o estricto numerado
Quen amosan as aceras dos meus líos.

Os acertos dos acenos
e os derribos dos silencios...
O que de antigo e primitivo
sentencia
que ti e-la persoa tamén dos actos que non
Asomes.

Tigres coma cabalos (1990)



Texto 6 -----

Chego
 de espléndidos rexistros aconsellada
 bate
 en min a furia dos escualos.
 Co aceno desencaixado asisto nas sombras:
 vence
 o permiso da voluptuosidade
 na noite dos alcoholes perfumados
 corpos
 que inquietos contraen sangue nas olladas.
 Arrebato
 o instante, queimo a pólvora no váter
 e acerto
 en como caen nas camas corpos estragados.

Tigres coma cabalos (1990)



Punto 22 – Faro de Vigo – Rúa Policarpo Sanz, nº 22

Antes da aparición de *Denuncia do equilibrio* Xela manterá unha colaboración estreita con *Faro de Vigo*. Comezou cunha páxina espectacular (04-06-1983) onde aparacen 4 poemas, un retrato de Xosé Guillermo e un comentario de Carlos Oroza.

Carlos Oroza recibe entusiasmado en *Faro de Vigo* (04-06-1983) a poesía de Xela coa nota 'Toda gran poesía es clandestina': «*Tu palabra en el verso se entreabre y sonríe en el quiebro y nos da su remoto placer convirtiendo la rosa en vocabularios nocturnos...*».

Texto 1 -----

Chovía

Os mares sulagaban as pedras

Retortas e cabalos

Corea. Chick. Chick Corea. O dial esvara

Sabes: estou soa. A fiestra grande pantalla ten

Colores chumbas fumes e un coche

Vermello que pasa

a ventá,

Ariadna fala

Un edificio e outro érguense

En mausoleo informe para mañán e algunha Alicia

Pequena, tal vez luxada, entra na pantalla calada

Os ollos dela véñenme entran e furan

E trae nos brazos abertos millóns de flores e cores

iColores!

E son cores raras

Estrañas de non velas

E Ariadna fía

A chuvia chovía e andante andaba

Penso levaba flores para unha lápida


Sen nome convertida en edificio

E noutro que se erguen. No pasado avoa

Negra morta

Cun conto que Alicia recorda e

Pasa pola ventá



Ariadna aínda fría
E logo cansa. E logo cala

Texto 2 -----

O mel mar meirande morea
Quente trompeta e blues
Amapoula adormideira desdebuxa aceras
medra na cerdeira dos bicos
No colo

(Ven...)
Garimoso dunha flor
entraña e maio primavera
Acóchate
A caléndula non é fixación
A nube leito o rosa o verde mazá suave
e, xa sabes,
ólenos olor de salvia
de leite

De calor morniña
O fado chuchamel cos paxaros nos árbores
ventados
Viva nova palpitante
A vida é verdade

Texto 3 -----

Vai furia nos cabalos dos cometas
Vencer
É un trago que agoiramos amantes nas imaxes

Espreitante e visto

As ondas mar que veñen
Fío e gargallada informe

Vencer
¿terei medo?

Terei soños
E orquídeas da Etiopía no tempo

Artemisas nas ruínas do cancro

Vencer
Vence-la palabra
O feito
Muda-lo senso ritual das estrelas
Vagando vieiros e
Lendas e
Follas verdes nos carballos pais e
Mares e terras e
Aires e

Desfíañarse na area

Texto 4 -----

gardenias coloradas para o morto
mirtos e
cipreses
e o recordo da mañá asesinada
revolta no vento mareiro
nas sombras lúcidas
e cheiro de peixe fresco
e mirtos e cipreses e
gardenias coloradas para o morto
que xa non virá
ás nosas tardiñas cotiás
nin ás ocre violetas do outono
nin ás brancas verdes da primavera
e cipreses e mirtos e
gardenias coloradas para o morto
morto
morto
e ben morto
que (¡deixa de choralo!)
non virá inda nin vernos
saíndo do subterráneo entúpido que vexo
desde esta beira do río
coroadado e morto coas gardenias vermellas

Comeza a súa colaboración coa páxina 'Mulleres', que dirixía Pilar Comesaña no *Faro de Vigo*, o 17 de maio de 1984, coa publicación dos poemas 'sube' e 'e é que nunca sei...' e dunha breve autopoética, ilustrados por unha foto de Cameselle.

Texto 5 -----

...e e que nunca sei
nunca sei de certo se a túa voz a miña voz vén ó meu rente polas palabras
se é un eco que vén esvaído
 esvaído
atravesa a porta de lonxe
e oigo que me di
se son eu se eres ti... se a terra é un canto que rodou
rodou querida
e xa borrado... hai que inventar

é que existes
e existo
e a pluralidade que nos contempla
 enfréntanos e maltrátanos
non é máis
 ca un espello do humano
un abano na túa man
que se aferra e me acaricia
 que colla e solte
e que a vida é un xogo por riba do xogo da vida
e máis nada

sen o fume reconfórtame de novo existe
parafrasea-la violeta violenta hai que face-lo camiño

«eu nunca chegarei ó paraíso»
 pois nego
dame a gana e nego e el non existe e eu son e exístoo

 penétrame o alento descoñecido das ventanas
ábrome e entra
salpícándome bebéndome extendendo algo
que non é nada
 máis que bicos
 e bicos
que me bican nas cadeiras
e eu existo ó paraíso que non existía

¡Como me miran, facendo moecas
donde as columnas onde os puxeron!
¡Será mentira, será verdade!

Rosalía

Texto 6 -----

sube
 sube aínda máis cara riba
 fura forzando as murallas de leite
 penetra e traspasa lixeiro os velos corridos
 do cortalume tinguído de nadal

sube me
 subes e súbome
 as escaleiras xa non son mármore
 nin no opaco o delirio me manca

siquera as pantasma irredentas se me asustan
 nin siquera
 margaridas amarelas no meu cuarto
 agárdanse paxaros aniñados na extensión
 máis arriba das palabras hai un ceo de palabras e as palabras non existen

en buenos aires doiánme as crins agallopadas
 nas albardas
 en new york o neón salfería a imaxinación
 a imaxe e eu non estiven
 nunca en new york ou buenos aires

Maravilloso é o favor do sublime
 e ninguén sabe en que consiste
 o que outorna nin de onde provén
 (Hölderlin)

Xela comeza a súa poética (1984, 22 anos) coa frase: «Toda poesía é un trato coa búsqueda da vida poderosamente iluminada; unha consecuencia da vida mesma; toda poesía é un longo parto preciso para principia-lo remate do embarazo...».

Texto 7 -----

Pregúntanme: ¿a poesía?

Toda poesía é un trato coa búsqueda da vida poderosamente iluminada; unha consecuencia da vida mesma; toda poesía é logo un parto preciso para principia-lo remate do embarazo; se non tivera o recurso de espaxe-os pantasma nos signos das letras, é ben seguro, sería delincuente. O caos vital semella urdéndose darredor, non gusto do sistema no que hei de desenvolverme pero estou aquí e teño patria (por Rilke, a infancia, por Hölderlín/Rosalía, Galicia; por min, todo o que toco).

Ansiamos ser libres e o vieiro é a independencia total e gratuíta. Que unha palabra sexa un país virxe: os tempos personais non existen (eu son ti e el e nós e vós), os xéneros quedan desterrados (querida/querido, só un senso por un amor inmenso que eu/me comparta).

Só é poesía aquela que non busca victorias, só será poesía aquela que non afogue nas derrotas. Só é poeta o que busca liberarse de si mesmo. Só será poeta quen o conquira.

No *Faro de Vigo*, Xela anticipará (13-05-85) catro dos poemas que publicará un ano despois en *Denuncia do equilibrio*. A páxina vai presidida pola cita de Paul Nizzan: «*Tiña 20 anos, non consentirei que ninguén diga que é a idade máis fermosa da vida*». Tamén coloborará con *Pharo The Bego*, o suplemento bimensual de *Faro de Vigo* dirixido por Pilar Comesaña e Francisco Novo. No número 7, marzo de 1986, publicará unha páxina

coa narración '*Por anticipado recaída dun mal que impide o voo*'. Tamén, en *Pharo The Bego* 7 (08-03-1986) xunta dúas narracións, á que dá título á páxina, '*Por anticipado recaída dun mal que impide o voo*', e unha segunda, '*Cartas da negación*'.

Ao longo dos 80 Xela compartirá numerosos recitais vigueses con Carlos Oroza, o poeta peripatético, autor até entón de *Eléncar* (1974), *Cabalum* (1980) e *Alicia* (1985). «*Cabalum* será un poema que se perda Porén Contarei dous até os tres dos seis onilios...».

No outono de 1983 Xela traduciu do castelán ao galego o libro *Cabalum* (Edicións do Castro 1980) do poeta Carlos Oroza. Será o primeiro dos seus 25 títulos como tradutora literaria, relación que pechará en 2003 co *Spleen de París* (1869) de Baudelaire.

O traballo de Xela como tradutora literaria nas décadas dos 80 e 90 foi pioneiro nos labores de incorporación á lingua propia dos textos fundamentais da literatura universal. Xela era tan esixente consigo mesma como o era cando se dedicaba á creación poética. A versión galega do *Spleen de París [pequenos poemas en prosa]* de Baudelaire publicouse en 2003 na Biblioteca Virtual da ATG. Por este traballo Xela recibiu en 2004 postumamente o Premio de Tradución Plácido Castro.



Punto 23 – Teatro Afundación – Rúa Policarpo Sanz, nº 13



O 8 de marzo de 2002 Xela Arias intervén na histórica homenaxe a Francisco Fernández del Riego³⁷, organizada pola Fundación Premios da Crítica de Galicia no Teatro Caixanova de Vigo, lendo o poema ‘Na retina, desde nena’.

Texto 1 -----

Na retina, desde nena

Un vello afable cabelo cano
rexos banzos a ruxidos de subversión discreta
abre portas de arrecendo a volumes tan antigos
tan coetáneos: un país sen máis dono
cá memoria insistente da existencia...

Un mozo afable cabelo cano
laxes teimudas acción e ideario.
Constrúese a historia,
importa entre néboa e poalla.

Quería facer pé: dá pé...

A brazadas mar endiante médrase
no cabelo cano
do mozo afable:
é que Nos cre.
Sitúate na obriga de seguir sumando,
pola gracia de don...

Sempre en Galicia don Paco ten xa a forma
de montaña garrida e milenaria,
paisaxe memoria de onde vimos e qué asaltamos
se desexamos.



³⁷ **Francisco Fernández del Riego**, naceu en Vilanova de Lourenzá o 7 de xaneiro de 1913, e finou en Vigo o 26 de novembro de 2010. Desenvolveu dende os anos 30 un traballo constante e recoñecido a prol da cultura galega que continuou ata os seus últimos meses e que fixo del unha das personalidades máis destacadas de Galicia. Foi un dos principais artífices da editorial Galaxia e director xunto a Ramón Piñeiro da revista *Grial*. Pertence á xeración de intelectuais xurdidos arredor do Grupo Nós.

Punto 24 – Pub Alma (hoxe Alma 2.0) – Rúa Poboadores, nº 9



Susana Trigo cóntanos como quedara neste pub con Xela.

Só 2 anos maior ca min, Xela avanzara creativamente tanto que xa andaba na análise cubista de descompoñelo todo e ofrecer tantas facetas do poema coma fose posible. Era moi seria no tocante á escrita. Era intensa, a min impresionábame o respecto fondo que sentía polas palabras. Vivía a poesía dun xeito transcendente, prestáballe á forma unha atención de laboratorio científico e cada vez que lía en público, espía a alma. Porque Xela era alma. E o **Alma**, un pub de Vigo onde despois nos temos

encontrado para falar das flores do mal e facer algún cadavre exquisito. Así, en plan Rimbaud e Baudelaire. Xela coqueteaba co malditismo, unha autoesixencia de coherencia literaria e vital que a min me inqedaba³⁸.

Texto 1 -----

Borracho

Andaba nos bares cerrados pedindo un silencio
e as rúas collían pedazos do seu sangue violado.

Na noite que o círculo estende, viñeches ás veces
perdido de vicios, mazado de imaxes voar nun recanto,
deixar de saber que o tempo non xulga presencias,
que as leis que detestas son medo e martelo.

Se te vexo quero
que non atragante o noso exilio unha présa calquera.

¿Sabes? Recoilo ó bolsillo a palabra.
Sei que nós somos carne de guerra.
—Que non morreremos nós da espera.
Tigres coma cabalos (1990)

³⁸ <http://www.asega-critica.net/2019/08/intemperiome-con-xela-por-susana-trigo.html>

Texto 2 -----

Acabei coa botella, baleireima,
levo o contido polo corpo arriba
e abaixo. ¡Ouh!, a botella: o seu
contido non era nada vulgar.

Tiña un pequeno gnomo, si, colega,
un gnomo que agora, mentas
remato este pito, levo dentro a
quererme falar. Por veces cabréa-
seme, e temos que discutir, pero
cando andamos de acordo ¡Qué
placer! ¡Cantas cousas en silencio
nos contamos! Agora fumo e
descanso: logo ando á procura
dos gnomos das botellas. Sempre
son novos e distintos, con
algo para contar e outro pouco
para escoitar.

Al loro. Guía de Vigo para perderse (1985)

Punto 25 – Noites Solidarias – Sala Nashville³⁹ – Rúa Carral, nº3



Unha segunda actividade das **Noites Solidarias** consistiu na organización dun recital poético no que se reuniron uns 50 asistentes o día 4 de outubro de 2002 na **Sala Nashville** ás oito do serán. Déronse cita poetas galegas/os que por unha parte, leron composicións da súa autoría propia e pola outra, poemas de autoras e autores indias/os traducidas/os do inglés ao galego. Ademais da colaboración facilitada por parte das/os poetisas e poetas na lectura, IND contou coa tradución realizada previamente polas/os tradutoras e tradutores voluntarias/os, todas/os elas/es estudantes da Licenciatura de Tradución e Interpretación da Universidade de Vigo (Ricardo Martínez, Gloria Piñeiro, Ana Rozados e Natalia Yáñez que se encargaron de traducir obras de Kamala Das, Shankha Ghosh, Arun Kolatkar, Jayanta Mahapatra, Rabindranath Tagore, S. Usha e Vimala).

As voces femininas estiveron representadas por Xela Arias, Marta Dacosta e Chus Pato que estiveron acompañadas por Francisco Alonso, Daniel Landesa e Miguel Valverde, integrantes do grupo **Aroutadas poéticas** e Ricardo Martínez.

O obxectivo do acto de **Implicadas/os No Desenvolvemento** non só era concienciar os asistentes/es dos problemas da pobreza no sur da India onde actúa, senón tamén da consecución dos proxectos de desenvolvemento que está a levar a cabo desde o ámbito galego. Con este fin, IND proxectou unha presentación audiovisual que ía dando corpo ao recital na que se presentaban os proxectos e casos concretos de persoas que viven nas comunidades coas que traballa IND como argumento para todo o acto.

³⁹ Despois da sala Nashville estivo outro local emblemático como o Manteca.
https://elpais.com/diario/2008/10/26/galicia/1225016295_850215.html

Texto 1 -----

Vimala

A cociña

Acórdame o recendo da cociña
uns sabores por riba dos outros
un tesouro a enchernos a boca de auga
proído das especias
e o aroma de incenso
vindo do oratorio
na porta do lado. Cada mañá
a cociña espertaba
co borboriño da manteiga a facerse,
o renxer de olas esfregándose
e no centro, os fogóns,
acabados de limpar con area, pintados
e adornados, a lume vivo.

Ás agachadas xuntabamos cartos
na caixa dos aderezos; tamén agochamos larpeiradas,
e xogabamos ás cociñas con lentellas e azucre
xogabamos a ser pais e nais
no máxico mundo da cociña
que envolvía a nenez co seu feitizo.

Xa non hai patios para a nena adulta
agora adestrada para idade da cociña
como todas as nais e as nais das nais
antes ca ela, na cociña
faise Muller xusto aquí.

A nosa cociña é unha casa mortuoria.
Tixolas, latas, sacos
atéigana tal cadáveres
pendurando entre nubes do fume augacemento da leña.
Mamá aboia, é un espírito aquí,
Ela mesma unha cociña a aboiar,
os ollos desfacéndose en bágoas,
as mans gastadas como culleres
os brazos espátulas que se transforman
en grandes tixolas,e
outros utensilios de cociña.
Ás veces Mamá reloce
como as brasas do forno,
e arde por toda a cociña,

dando pasos, sen acougo, unha tigresa na gaiola
batendo contra as potas e as tixolas.
Qué doado, din eles,
un movemento de culler e a comida xa está feita.
Ninguén fai visitas agora.
Ninguén vén á cociña
senón a comer.

A miña nai foi a señora da cociña,
pero o nome gravado nas potas e nas tixolas
é o de Papá.

A sorte, din eles, deixoume nesta gran cociña de meu
Fornos de gas, moedor, vertedeiro e tellas.
Fago tortas e pudins,
Nada de merendas fóra de moda como facía a miña nai,
pero o nome gravado nas potas e nas tixolas
é o do meu home.

A miña cociña esperta
co asubío da ola a presión,
o zunir do moedor eléctrico.
Eu mesma son unha cociña ben provista,
virando como unha boneca mecánica.
A miña cociña é un taller,
unha carnicería barullenta e movida, onde cociño
e sirvo, e limpo, e cociña outravolta.
A miña cociña perígueme en soños
os meus artísticos soños de cociña,
o olor a especias mesmo no xasmín.

Malditas cociñas. Xa podían queimalas todas,
as cociñas que rouban os nosos soños, secan
as nosas vidas, comen os nosos días -tal un voitre xigante.
Abaixo con esas cociñas,
que fixeron de nosoutras culleres para servir.
Borremos os nomes gravados nas tixolas e nas potas.
Adiante, arranquemos estes fogóns privados,
antes de que as nosas fillas teñan que desfilar
cheas de soidade a estas cociñas.
Polo ben das nosas fillas,
abaixo con estas cociñas solitarias.

Tradución de Joseph Ghanime

Punto 26 – Casa Galega da Cultura⁴⁰ – Praza da Princesa, nº 2



O 16 de maio de 2001 Xela Arias leu o pregón do Día das Letras Galegas dedicado a Eladio Rodríguez –convertido en bando coa asinatura do alcalde de Vigo Lois Pérez Castrillo– na Casa Galega da Cultura.

Texto 1 -----

A nosa si é unha lingua de encontro. Foino, hai xa ben séculos, de reis e trovadores que lembramos a transcribi-la que manexaban campesiñas e mariñeiros. Pode ser hoxe en escolas e mercados, en barcos, bancos e centros comerciais. Pode selo hoxe entre rapaces, meniños e maila xente de tropa que todos conformamos. A nosa si é unha

lingua de encontro. Nela encóntranse os emigrantes e traballadores galegos fóra da terra. Nela encontrámonos os galegos e galegas cando ousamos manexala para calquera rexistro q lle apoñamos. E máis dunha vez na historia, e aínda tantas veces (quizais como tódalas linguas), precisa dos folgos da xente con paixón, dos apaixonados da xustiza e as procuras, para ser, para toca-los pasos todos da vida cotiá, todolos ritmos. E porque os vigueses sabemos, desde a orixe, de mesturas e combinacións, somos xente apaixonada. Que iso nos conduza a recoñece-la voz dos nosos pais e dos pais dos nosos pais! Que iso nos conduza a recompoñe-las desordes da historia e facérmonos donos do seu uso! Porque estamos en presente sómo-lo futuro que aconteza. Pero nós tamén sómo-lo futuro dun afastado 1863, do q tal día coma hoxe asinaba Rosalía de Castro, en dedicatoria a outra muller, tamén escritora, un exemplar de Cantares Gallegos: nacía o futuro da recuperación, »rexurdía o recoñecemento dunha lingua, e xa q logo dun pobo. Porque só quen nomea é dono de si. Díxonos don Paco (Francisco Fernández del Riego) hai trinta anos que este era un día que debiamos lembrar, festexar aproveitar para recuperar e repasar tamén nós a nosa propia voz de cada día. Xa choveu, pero obedientes ós consellos dos bos e xenerosos, lembrámolo cada ano en toda Galicia.

Primeiro foi un paso silandeiro, logo cada vez máis afouto; hoxe en día como unha festa no calendario das obrigas, como lecer grato e gozoso. E constatamos cada ano escaparates e bibliotecas con máis voces que deixan na escrita referente dos soños dese pobo, desa xente apaixonada que quere respecta-lo idioma das nais, e das nais das nais, mesmo cando algunhas, e por cantas diversas razóns, non o tivesen da man. Pero é un respecto contrario á inmovilidade, é un respecto á

⁴⁰ <https://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/maria-do-carne-kruckenberglparatextos/328/recital-do-dia-da-muller>

lingua que nos é propia para alongala, para dilatala, incluíndolle os propios desexos, as propias visións do mundo que nos envolve e no que nos desenvolvemos. Preña-lo idioma cos nosos berros ou agarimos en semente para os días dos noso fillos, e porque eles poidan tamén ser donos deste verbo para inventarse novos outra vez. Porque queremos aínda máis escaparates, porque precisamos aínda máis voces neste río q son os nosos días, porque reclamamos máis palabras que nos aseguren donos de nós, rendémonos ó noso laico santoral e celebramos, coa calor que esixe, o día das letras, o día das letras galegas. Porque nós facémo-las palabras, ó nomealas sómonos: fannos independentes. Se desexamos longa vida ás letras galegas, facemos votos pola vida da nosa palabra, a palabra dos galegos e galegas que queremos, é un dereito, témo-la obriga, inventarnos ó noso xeito.» Vigo 17 de maio de 2001

As poetas María del Carmen Kruckenberg, Xela Arias e Carmen Panero participaron o 28 de febreiro de 2003 nun recital de poesía na Casa Galega da Cultura organizado pola Secretaría de Muller de CC OO con motivo de **Día da Muller Traballadora**. Cada autora ofrecía cinco poesías acompañadas con música. O acto serviu tamén para presentar a antoloxía poética **Elas II** e para lles agradecer o labor aos voluntarios limpando a costa galega.

Texto 1 -----

Unha copa, un fresco, o cine.
Un cigarro alabarado,
os pés na area.
Parece que perdura sabéreste así queda,
e asúme-la bendita expresión.
Mata-lo tempo.

O tempo...
¡que se perda!,
maino, diante nosa⁴¹.
Intempériome (2003)

Texto 2 -----

Alienada morfoloxía dos deberes
tes por gloria a conquista do escaparate⁴².
Intempériome (2003)

⁴¹ A composición viu a luz en *Elas 2*, antoloxía poética publicada en Vigo por CC.OO.

⁴² A composición viu a luz en *Elas 2*, antoloxía poética publicada en Vigo por CC.OO.

Texto 3 -----

Tal couza na estrutura do edificio
destruí-lo noxo,
o que te anoxa.

Coma un fío de auga quixeras atravesalo todo,
regato nos cons de illa ben dotada⁴³.

Intempériome (2003)

Texto 4 -----

Ba
léirate
me

de enormes termos inexactos
a pretensión escándalo.

Me
diocratízaste
me⁴⁴.

Intempériome (2003)



O 9 de xuño de 2003 Xela Arias publica *Intempériome* na editorial Espiral Maior. Será presentado o 9 de xullo na Casa Galega da Cultura de Vigo, xunto con outros cinco libros apadriñados por Francisco Fernández del Riego e polo editor Miguel Anxo Fernán Vello. Foron os poemarios *Do tempo posuído* de Arcadio López-Casanova, *Lembranzas da beleza triste* de María do Carme Kruckenberg, *As amantes de Hamlet* de Marta Dacosta e *O son da xordeira* de Antía Otero.

⁴³ A composición viu a luz en *Elas 2*, antoloxía poética publicada en Vigo por CC.OO.

⁴⁴ O poema viu a luz en *Elas 2*, antoloxía poética publicada en Vigo por CC.OO.

Texto 5 -----

Eras moza,
cómplice nunha derrota que non
sumabas. Feliz por terte insomne
por inmortal.

Xa temos cadáveres amigos
e coñecidos,
sabemos da morte o legado inútil.

Pero ¡que ridículo!, ¿non?,
abraza-lo feito feliz de xa medrar
-camiñar ás aforas-
en tempos asepticamente tan
Alienados.

Intempériome (2003)



Texto 6 -----

Hasme oír;
agora busco que conxugues
ben o verbo dos posibles,
e que ti esquezas esa radio de cousas previas
amarrada sempre aos pensamentos.

Hasme oír; déixate
que te percibas a ti,
tamén ti atropelada das palabras, á procura de trazos
que nos describan.

Intempériome (2003)

Texto 7 -----

Parín sen dor e con
pracer.
Estou pa
rindo
todo instante que penetro ou me
penetra.
Solpor, máquinas, liortas,
bicos, días, trasnos.

Parir, aprendo linguas.
Intempériome (2003)

Punto 27 – Non á guerra – Rúa Concepción Arenal



O 15 de febreiro de 2003 unhas 100.000 persoas sumáronse á manifestación unitaria convocada en Vigo pola **Coordinadora Galega pola Paz** baixo o lema **Non á guerra contra Iraq** para mostrar a súa solidariedade co pobo iraquí e expresar o seu rexeitamento contra un posible conflito bélico.

A marcha partiu pasadas as 19.00 horas do cruzamento da rúa Urzáiz con Gran Vía e Lepanto, descendeu por Colón para terminar na rúa Concepción Arenal onde, fronte ao edificio administrativo da Xunta en Vigo, o actor **Antonio Durán 'Morris'**, os poetas **Xela Arias** e **Xosé María Álvarez Cáccamo**⁴⁵, e a ex compoñente de Milladoiro, **Laura Quintillán**, deron lectura ao manifesto elaborado para a ocasión...

Texto 1 -----

Soldados

Porque bebes na fonte das dúbidas
sospeitas.

Porque habíta-la
esperanza sancionas.

Así sabes ti da elevada simetría das batallas.
Así conviñas pola muda da historia.

⁴⁵ «O día **15 de febreiro de 2003** houbo manifestacións multitudinarias en todo o planeta. Na de Vigo, onde lin (Xosé María Álvarez Cáccamo) o meu panfleto en compañía de **Xela Arias** e os actores **Aurora Maestre** e **Morris**, xuntámonos máis de cen mil cidadáns a berrar **NON Á GUERRA** sen abandonar o clamor do **NUNCA MÁIS**. Un ano despois, as urnas botaron do goberno do Estado ao Partido Popular, que seguía a mentir até a náusea, que permaneceu na táctica do farol até o mesmo día das eleccións». Xosé María ÁLVAREZ CÁCCAMO, *Memoria de poeta*, Galaxia, 2006, p. 439.

Que tal ve-la necesaria imposible inocencia dun minúsculo poder calquera?

Abrázome noutra revolución pendente.

Non vou ser soldado.

Poño a man

e cáenme milleiros de causas comúns polos dedos estirados.

Non vou ser soldado.

¿Sancióna-la mezquindade que os desexos tamén gardan?

Porque se línda-la utopía,
atrévete agora e avanza.

Tamén ti ocultas
verdadeiros motivos en risas desencaixadas.

Así que abrázate nesoutra revolución necesaria.

Sería-lo mellor soldado
e mais cantas veces
mórrenche tódalas batallas.

Festa da Palabra Silenciada 16 (2001)⁴⁶

Texto 2 —————

De certo, a vida ía en serio.

Por iso morrer non conta
números.

Eras moza,
cómplice nunha derrota que non
sumabas. Feliz por terte insomne
por inmortal.

Xa temos cadáveres amigos
e coñecidos,
sabemos da morte o legado inútil.

⁴⁶ O poema foi publicado tamén en *Festa da Palabra Silenciada 8* (1991), *XI Festival da Poesía no Condado* (1991) e *Boletín Galego de Literatura 11* (1994).

Pero ique ridículo! ¿non?,
abraza-lo feito feliz de xa medrar
-camiñar ás aforas-
en tempos asepticamente tan
Alienados.

Intempériome (2003)

Texto 3 -----

INDEPENDENCIA 1

Convoca a palabra e chama a distancia
co eco ós retrasados.

Pregúntalles por que decidir inclúe acordar
e resolverse,

por que só elixe quen é dono
da fame e a opulencia que conteñen
tódolos poemas das patrias todas
-acollidas ou rexeitadas-.

Convoca a palabra e sabe
que escribe-la letra dos des-terrados,
que apostas entre os dedos dos satisfeitos.
Independencia, dis,

só es unha area que está de máis
na democracia telediaría desta escena,
así nos borran.

INDEPENDENCIA 2

Independénciome para que eu saiba
onde quero estar atada, onde
as fronteiras ou a morte das fronteiras,
onde
a luan espada levanta e anota
media terra, media historia, media
lingua desmedida que non usa
máis có silencio da espera en media guerra.

Boletín Galego de Literatura 11 (1994)

